

AS FESTAS DO SAN XOÁN NA VILA DE SÁRRIA

(SEMINARIO DE ESTUDOS SARRIAOS)

FESTAS DO SAN XOÁN (finais do século XVI).- A vila de Sárria contratava gaiteiros, para esta festa, a do Corpo de Cristo e as das Pascuas do ano, celebrando contratos coñecidos con Domingos López (1570), Penela de Viloira e Pedro de Buxán (que vivían en 1587).

FESTAS DO SAN XOÁN DE SÁRRIA (1612) .- Foron amenizadas por Xoán Rivela , gaiteiro de Santa María de Merza , en Terra de Montes. O 4.07.1611 o Rexemento de Sárria contratouno quedando obrigado a " concorrer co seu instrumento de gaita nas festas de Corpus, San Xoán e as Pascuas de todo o ano" e "regocixalas, así as danzas como as mascaradas e outros regocixos" iso para as "festas de Corpus e outras que de moitos anos a esta parte estaban en posesión e costume de habelo e salario".

FESTAS DO SAN XOÁN DE SÁRRIA (1889) .- Foi promovida por Bienvenido Díaz de Freijo que en 1889 presidira unha Comisión dos Festexos e que ao longo do verán se celebraron , e nese tempo promoveu a construción dun quiosco para a música na Praza de Xoán María López (Alameda) , resultando alcanzados os seus membros en 147,33 pta. O Concello acordou facerse cargo da débeda recibindo en propiedade o quiosco e os efectos festeiros (farois de papel , atrás, arame, postes...) segundo acordo de 14.03.1890.

FESTAS DO SAN XOÁN (1902).- Verbea o día 23, coa música do Barrido e gaita do país , coa praza locindo faroliños á veneciana . O día 24 non houbo procision eucarística porque caeu unha grande treboada.

FESTAS DO SAN XOÁN (1903).- “ A tradicional festa de San Xoán, estivo moi animada, a moderna festa de San Luis resultou brillantísima, porque os mozos tomaron interese en honraren ao seu santo padroeiro. Veñen as verbeas que forman parte do programa destes festexos, nas que a animación chega ao colmo e se forma a tan célebre compañía de teatro, que vai ser o principal órgano de animación e alegría da tempada, e despois de dar a primeira representación , despídese de nós o mes de Xuño, do que todos conservamos gratos e imperecedeiros records” (El Noticiero Sarriano, outubro de 1903).A organización das verbeas de Corpus, San Luis, San Xoán e ao longo do verán, correron a cargo de mozos relacionados co Casino de Sárria e un Grupo de Teatro e Declamación que alí se formou.

FESTAS DO SAN XOÁN (1904).- Deberon ser organizadas como programación seguida do mes de xuño, xunto coas do Sagrado Corazón de Xesús, Santo Antonio de Padua (en San Salvador) e San Luis (en Santa Mariña), e a prensa indicaba “ que polos preparativos que se fan é de agardar que resultarán espléndidas “.

FESTAS DO SAN XOÁN (1905).- “ Aproveitando a coincidencia das Festas de San Luis, Corpus e San Xoán celebráronse festexos organizados por un grupo de distinguidos mozos da Vila de Sárria”, os días 20, 21, 22, 23 ,24 e 25 de xuño. Programación: Día 20.- Grande feira de gado. Ás dúas da tarde, un repenique xeral de campás e o disparo de bombas e foguetes anunciou o comezo das festas. Unha banda de Música e as Pampónigas (Xigantes e Cabezudos) acompañados de gaitas do país, recorreron as rúas da poboación. Día 21.- Ás 7, diana pola banda popular, gaitas, repenique de campás e disparo de voadores. Ás 10 e media, Misa a grande orquestra en honra do santo deste día, San Luis Gonzaga, baixo da dirección do reputado mestre Arnaldo Moyer, na parroquial de Santa Mariña. De 11 e media a 1, na Praza de Xoán María López, funcionaron cucañas de diferentes clases, con premios en metálico e audicións musicais, pola música popular. De 5 a 7, na Rúa de Matías López celebráronse divertidas carreiras de burro e en sacos, con asistencia das Pampónigas, música e gaitas e elevaron magníficos globos grotescos. Este festexo, no que se adxudicaron diversos premios en metálico, verificouse con arranxo a un programa especial. Ás 9 e media da tarde: Grande Verbea. A Praza estivo alumeada con moitos faroliños á veneciana , queimando magníficos fogos de peza e voadores. Días 22.- Ás 7 , diana. Ás 10. Misa Solemne, na igrexa de Santa Mariña , na honra do Santísimo Corpo de Cristo , e procisión,

asistindo a estes actos o Concello. Ás 5, a Banda popular situouse no quiosco da Praza. Houbo elevación de globos grotescos, un deles de 13 metros, e celebráronse xogos de cucañas, con varios premios en metálico. Pola noite, o Casino obsequiou aos seus socios cunha función teatral. Día 23, ás 7, diana. Ás 11 verificouse no Salón de Actos das Escolas Públicas, o repartimento de premios aos nenos e nenas que máis se distinguiron pola súa aplicación no curso escolar. Durante este acto unha Banda de música, situada no parterre, deixou oír algunhas pezas musicais. Ás 12 e media, recepción da brillante Banda do Rexemento de San Fernando. Ás 3 e media, a dita Banda percorreu ás ruas locais tocando un bonito pasadoble. De 5 a 7, Paseo de Moda na Praza, amenizado pola Banda de San Fernando e os famosos gaiteiros de Trives “Os Trintas”, que executaron as mellores obras do seu seletto repertorio. Ás 9 e media, grande Verbea á veneciana, na que tocaron a banda militar e “Os Trintas”. Queimouse unha soberba colección de fogos artificiais, composta de sorprendentes fogos de praza e multitude de vistosísimos voadores de choiva, de prata, rodete, luz branca, brillantes, serpentinas, de ramillete, chinescos, lostrego, nevados, escorpións, luceiros, alumeado de cores, choiva de ouro, morteiros, etc, etc. remantando coa elevación dun globo de colosais dimensións. Día 24.- Ás 8, diana por todas as músicas. Ás 10, Misa solemne no templo de Santa Mariña, na honra de San Xoán Batista, e Procisión á que asistiu a Banda militar. De 5 a 7, Paseo de Moda como o día anterior, Ás 9 e media, grande Verbea con audicións musicais pola música de San Fernando e “Os Trintas”. Fogos artificiais e globos. Día 25.- De 10 a 1, concerto musical na Praza, polos gaiteiros “Os Trintas”, Ás 5, Xira ao frondoso “Souto das Insuas”, galantemente cedido polos seus propietarios, onde se celebrou un animado e típico Baile Campestre, dando así remate a este festexos e ás Festas co disparo de estrondosas bombas. Na noite deste día, a Sociedade Casino deu un brillante Baile nos seus Salóns.

FESTAS DO SAN XOÁN (1906).- Comisión.... Programación: Día 20.- Gran Feira de Gado.- 12:00.- Disparo de bombas, desfile de banda de música e xigantes e cabezudos. Concurso de gados no Campo da Feira. 19 a 21.- Concerto Musical na Praza. Día 21.-06:00.- Dianas e alboradas. 10:00.- Misa a San Luis Gonzaga. 12 a 13.- Paseo e concerto na Praza. 16:00.- Desfile da banda, gaitas do país e xigantes e cabezudos. 21:00.- Alumeado á veneciana e fogos de artificio. Día 22- 07:00.- Dianas e Alboradas. 10:00.- Repartos de premios aos nenos das Escolas Públicas. 16:00.- Desfile da banda, gaitas e xigantes e cabezudos. Na Praza, xogos e elevación de globos. Día 23.- 6:00 : Disparo de bombas, dianas e alboradas. 11:00 : Paseo na Praza. 14:00- Recepción da Banda do Rexemento de San Fernando. 18 a 20.- Concerto Musical coa Banda de San Fernando.22:00.- Verbea, con alumeado á veneciana dirixido por Claudino Pita e Fogos artificiais de Fillos de Alonso, de Palencia. Elevación dun Globo Colosal. Día 24.- 08:00, Disparo de 50 bombas de palenque. Diana coas músicas. 10:00.- Misa solemne e procisión. 16:00.- Pasarrúas da Banda de San Fernando. 18:00.- Paseo de Moda. 21:00.- Sorprendente alumeado, fogos de artificio, elevación de globos e salva de bombas. Con ocasión destas festas foi editado un programa, impreso en Lugo, nos Talleres Tipográficos de G. Castro con reclamos de 13 casas comerciais. É a publicación deste tipo máis antiga referida ás festas do San Xoán en Sárria. (coñecida ata agora) O globo xigante e os faroliños do alumeado artístico correron de conta de Claudio Pita de Betanzos, A pirotecnia foi de Fillos de Alonso, de Palencia. R. Salgado (28.06.1906 publicou en El Norte de Galicia un solto “Impresiones después de las fiestas”.**

FESTAS DO SAN XOÁN (1907).- Os ramistas organizaron uns Xogos Florais e un certame literario, para o que crearon unha subcomisión (EP, 21.06.1907).

FESTAS DO SAN XOÁN (1908).- (Non se achán referenzas)

“FESTAS DO SAN XOÁN (1909).- “Pasaron sen pena nin gloria, e só baixaron algúns paisáns por non perder o costume” (opinión dun correspondente local de prensa en 1910).

FESTAS DO SAN XOÁN (1910).- Un grupo de mozos organizou os festexos. Día 23: “ O espazo viuse invadido por multitude de bombas, mentres as rúas eran tomadas ao asalto polos xigantes e os cabezudos, seguidos dos afamados gaiteiros da Rúa Petín, que constituiron as ledicias dos mozos, e pola laureda banda de música do inmediato pobo de Farbán, que saíu tocando algunhas pezas do seu variado repertorio. Ás 9 comezou unha animada verbea na Praza de don Xoán María López, que ás 10 xa se vía invadido completamente pola xente moza, non só desta localidade senón tamén dos pobos de perto; a praza estaba alumeada por multitude de faroliños de papel, e colocados artisticamente por**

varios xoves que amosaron na súa colocación ter moi bon gusto ; ás 11 comezou o fogo feito expresamente para a dita festa por un afamado pirotécnico e de cando en vez viamos polos aires bonitos globos que se elevaban ata se perderen de vista, “ en fin podemos dicir que estamos de noraboa pois verbeas coma as da noite de onte , poucas se teñen ollado neste pobo, alongándose ata as 2 da madrugada. * Ás 4 da mañá do día 24 os músicos percorrían as rúas tocando alegres alboradas e varias bandas espertaron aos pacíficos habitantes. Ás 8 volvían a deixar oír os seus acordes os músicos, e despois adicáronse a dar concertos diante das casas onde había algún Xoán celebrando o seu santo. Ás 11 comezou a misa cantada que foi a toda orquestra, e na que se viu a caseque todo este relixioso pobo. Ás 12 saíu a procisión que percorreu as rúas de costume , entrando nas igrexas e capelas de outros anos, que estaban profusamente adornadas. Non houbo paseo de moda por ser tarde cando se retirou a procisión, mais cando chegou a tarde víase a praza chea de xente gorentando divertirse e escoitar o concerto das bandas, que resultou moi ben e nos intermedios lociu as súas habilidades o pirotécnico encargado do fogo . “Fagamos votos para que cada ano vaian estas festas resultando mellor e se a este paso seguimos chegaremos dentro de poucos anos ao colmo dos festexos”.

FESTAS DO SAN XOÁN (1911).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN (1912).- O día 23 houbo verbea na Praza. No Casino fixeron funcións teatrais. ** (La Voz de la Verdad, 25.06.1912).-“ Con motivo da festa de San Xoán celebrouse nesta vila unha animada verbea, moi concorrida por sarriaos e forasteiros . De Lugo viñeron varias persoas. Cando estaba máis animada a nocturna velada, varios mozos aldeáns armaron unha liaraza . Un deles fixo un disparo de revólver sen que afortunadamente ferise a ninguén. Os paus mediaron. A garda municipal detivo algún dos mozotes promovedores da liorta. Houbo aínda máis salvaxadas nesta fermosa vila na clásica noite de San Xoán. Varios mozolos adicáronse , despois de rematada a verbea , a queimar dous carros de toxo, que había baixo dun alpendre da Estrada da Estación; que foi pasto das chamas. Os autores de tan bárbara fazaña foron detidos, sendo ingresados no cárcere do pobo. Como os detidos son moitos e a prisión só ten tres cabozos, poden presumir os lectores a o moito que ali esbardallaron os ditos suxeitos”.

FESTAS DO SAN XOÁN (1913).- Consérvase unha “Lista de los señores devotos que deseen contribuir a la festividad del Glorioso San Juan Bautista, que ha de tener lugar en la parroquial de Santa Marina de Sárria el día 24 de junio de 1913”, da que resulta que se obtiveron 134,60 pesetas...” Non vou sinalar o pouco ou nada que deron os prohombres daquel tempo. Mamais vou dicir que un industrial gasoseiro , que andando o tempo foi alcalde, deu unha peseta, que varios dos médicos, boticarios, avogados , etc, non soltaron cadela, e que foron os labregos , menestrais e xentes dos oficios os que tiveron maior participación, co que hai que concluir que as festas de 1913, as anteriores e as seguintes, eran auténticamente populares, porque era o pobo chao quen as tomaba riba das costas (XAFA). Non se conservan datos de quen foron os compoñentes da comisión nin da programación desenvolvida.

FESTAS DO SAN XOÁN (1914).- (23.24.06). Houbo verbeas, música , gaitas do país , fogos artificiais, misa maior e procisión.

FESTAS DO SAN XOÁN (1917).- Comisión: Constituída por membros do Celita Fútbol Club. Organizaron os festexos para os días 23 (pasarrúas dunha banda e gaiteiros ,verbena , alumeado á veneciana e eléctrico e fogos de artificio con animación do Orfeón “El Lirio” de Sárria) e 24 de xuño (dianas e alboradas, misa de campaña con presenza do Comité Local de Exploradores de España , procisión e partido de fútbol entre o Galicia FC da Coruña e o Celita FC , que tivo por resultado Celita 5 – Club Galicia-0 , e celebrouse outro partido cun grupo balompedista de Lugo . Houbo verbea , fogos artificiais e concurso de “fiestas e balcóns” . O 1 de xullo, domingo, programaron unha carreira de bicicletas, unha carreira de fitas e unha velada na praza. O 8 de xullo, domingo, un partido de fútbol, entre o Athleting de Monforte e o Celita, paseo de moda e iluminación eléctrica no Barrio da Estación , con velada. O domingo 15 de xullo, carreiras pedestres e unha velada no Barrio de San Lázaro, con focos eléctricos. O 22 de xullo, domingo, carreiras de burros e de sacos e unha velada no Barrio das Casetas; e o 29 de xullo, domingo, Concurso de Homes Feos na Praza e velada na Rúa Benigno Quiroga. Editaron un folleto coa programación e anuncios comerciais. Houbo sesión de cine ao aire libre. Desprazouse moita xente de Lugo a pasar o día 24 en Sárria. ** (El Progreso, 26.06.1917) Alzaron un Arco Triunfal

adicado aos forasteiros. Para a voltar a Lugo houbo un tren especial que chegou á cidade ás tres e media da mañá.

FESTAS DO SAN XOÁN (1918).- O día 24 de xuño o Athletic de Lugo e o Celita disputaron a Copa doada polo exdeputado a Cortes por Lugo Sr. Martín Fernández. Resultado : Athletic de Lugo , 4 - Celita, 1.

FESTAS DO SAN XOÁN (1919).- Contou coa participación da Banda do Reximento de Zamora de garnición en Lugo , contratada pola Comisión. Houbo un bon desprazamento de mozos dende Lugo a Sárria. O día 22 celebrouse un partido de fútbol entre o Athletic Lugo e o Galaico de Monforte de Lemos, que empataron a un tanto , e xogaron nun campo en mal estado, disputando a Copa doada por Xoaquín Quiroga Espín, tendo que celebrar novo partido . Houbo unha Novillada a cargo de Finito e a súa cadrilla, misa e procisión e houbo dúas verbeas. 6.07.1919. Como alongamento dos festexos houbo un partido de fútbol entre o Celita de Sárria e o Athletic de Lugo.

FESTAS DO SAN XOÁN (1920).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN (1921).- Celebración os días 23 e 24 . Contaron coa participación da Banda de Música Municipal de Lugo , a Música de Vilapedre e o cuarteto “Yebra” . Choveu moito e a verbea estivo máis animada que a festa que tivo lugar pola tarde. O falecemento e enterro de Venancio Vázquez López influíu tamén na pouca participación nos festexos.

FESTAS DO SAN XOÁN (1922).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN(1923).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN (1924).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN (1925).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN (1926).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN (1927).- (Non se achán referenzas)

FESTAS DO SAN XOÁN (1928).- Comisión formada por un grupo de mozos da Vila (“xoves distinguidos da localidade” . Programación: Día 23.- Actuacións da Banda de Música de Monforte, dirixida por Camilo Pérez Pérez e “La Armonía” de Sárria. O arco artístico de alumeado correu da conta de Hidroeléctrica Sarriana, na Verbea as mulleres deberían lucir mantón de Manila.- Houbo venda de rifas para sorteo na Tómbola de Bonecas a beneficio da Cruz Vermella, fogos artificiais e lanzamento de globos grotescos. Día 24: Misa e procisión , con participación dos nenos das escolas e escolta da garda civil , carreira de bicicletas e segunda verbea na Praza, Houbo ademais carreira de fitas, carreira de sacos, con premios de 5 e 2 pesetas. xogos de anela e botella e instalación de “cabaliños”. No Casino houbo Asalto. A carreira ciclista gañárona Manuel López, Quinte e Matías Yebra. Premios de 20 e 10 pesetas, con suscripción de unha peseta. A praza estivo adornada con luces eléctricas . As festas remataron co lanzamento dun globo xigante e fogos artificiais. O día 29 fixeron verbea . A publicación “El Estrellao” editou no nº 13 un avance dos festexos de San Xoán , con inclusión dun debuxo de C. Somoza, convidando ás mulleres ao uso do mantón de Manila, e o día 24 saíu á rúa un número extraordinario (nº 14) adicado ás Festas do San Xoán, onde incluían un poema , “ A modo de Programa “ ,e as composicións “ Al mantón de Manila” e “Noche de San Juan”, e no número 15 fixeron resume da programación .

FESTAS DO SAN XOÁN (1929).- Comisión formada por un grupo de mozos da Vila.Programación: Domingo, 23: 17:00.- Pasarrúas coas Bandas “ La Armonía “ e “Ecos de Sárria”. 18:30: Partido de Fútbol entre a Sociedade Deportiva Sarriana e Arsenal de Monforte, amenizado polas Bandas de Música. 22:30.- Verbea de San Xoán, con iluminación á veneciana , fogos aéreos, solta de globos e traca valenciana. Luns, 24: 8:00.- Dianas e alboradas coas Bandas. 11:00.- Misa solemne a grande orquestra e

música do abate Perossi, e Procisión. 18:00.- Cucañas na Praza de Xoán María López, De 19:00 a 21:00.- Paseo e concerto. 22:30: Verbea “ que realzará o elemento feminino lucindo o clásico mantón de Manila. No seu obsequio , entre as concurrentes , sortearase un magnífico regalo”. Editouse unha folla solta , sen datar o ano, na Imprenta S. Vázquez. Houbo bailes no Casino.

FESTAS DO SAN XOÁN (1930).- Comisión :Manuel Prado “Veiguiña”; Manuel Yebra “Bigotes”; Xosé (“Pepe Canteiro”).**Programación:**Día 23 (luns) : Banda “Nueva Lira” de Vilalba e cuarteto ,Verbea. Día 24 (martes): Dianas e alboradas, misa con sermón a cargo de Pedro López Rubín, procisión. Concerto, Paseo de Moda e Verbea con elevación de globo feito por Avelino Durán. O folleto foi editado por Imprensa Severino Vázquez, na portada leva un dibuxo da igrexa de Santa Mariña e houbo de 19 anuncios comerciais.

FESTAS DO SAN XOÁN (1931).- Comisión:..... Programación: Día 23, martes: Pasarrúas coa Banda de Música “La Lira” de Ribadavia e “Ecos de Sárria”. Verbea na Praza de Xoán María López, alumado á veneciana. Sesións de fogos fixos e de aire, e elevación de numerosos globos e un deles excepcional. Queima dunha traca. Día 24, mércores.- Dianas e alboradas. Misa solemne a toda orquestra, procisión, Concerto da Banda “La Lira”, paseo, concurso de “Muiñeira”, asaltos en “Casino de Sárria”, “La Unión” e “Círculo Sarriano”. Verbea. Fogos de artificio e elevación de globos. O folleto-programa foi editado por Gráficas Gerardo Castro de Lugo e incluía a publicidade de 47 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1932).- Comisión: Presidente: Mario González Zaera. Tesoureiro: Ricardo Prado . Vocais: Nestor González, Antonio Peña, Delfín Yebra, Modesto Pardo, Emilio Zaera Gayoso, Manuel García Pallares, Manuel Castro, Dalmiro González, Leopoldo Deibe, Eduardo Torres, Casiano Pérez-Batallón, Xesús Puche, Xoán Amil, Manuel Somoza, Vitorino Cabarcos, Xosé Gayoso, Luis Macía e Manuel Saco Rivera. **Programación.-** Día 23.- Pasarrúas co Quinteto de Gaitas “Samos”, Banda “Ecos de Sárria” e “La Lira” de Ribadavia, con acompañamento das Pampónigas (Xigantes e Cabezudos). Verbea, fogos de artificio do pirotécnico monfortino Ricardo Álvarez. Día 24.- Pasarrúas das Bandas e gaitas. Misa, Procisión acompañada das músicas. Concerto vespertino das Bandas. Concerto da agrupación lucense “Os Xeitosos” dirixida por Xerardo García, rondalla e coro, rematando co Himno a Galicia. Verbena. Día 25.- Pasarrúas coas músicas e as pampónigas. Carreiras pedestres. Carreira de automobeis en marcha atrás. Baile. Día 26.- Romaría Típica Galega, nas Insuas (“ A esta festa preténdese darlle un carácter marcadamente típico rexional. A este fin, ás doce e media da mañá e da Praza da Constitución, partirán cara As Insuas os romeiros precedidos das gaitas, bandas de música e comparsas de xigantes e cabezudos (o recorrido escasamente un quilómetro) . Xa alí polos hoteis daránse comidas a distintos prezos, habendo tamén un Bar ben instalado . Despois de comer , as gaitas, bandas de música e a notable agrupación de Lugo “Frores e Silveiras”, interpretarán obras galegas, organizándose despois o baile ata as dez da noite ”. Verbea e sesión de fogos de artificio. Rogan que as mozas leven o clásico mantón nas verbenas. As Insuas foron cedidas polo Sr. Saco Pradedo. O Libro-Programa, con portada do artista compostelán M. Tito Vázquez foi editado no Taller Tipográfico de Felipe Rodríguez García, e incluía numerosas fotografías da localidade e na contraportada ademais dunha vista xeral da Vila levaba os retratos de cinco mozas , sendo as representacións gráficas da autoría de Foto-Studio Requejo. Incluía publicidade de 65 anunciantes. Trátase do primeiro Libro-Programa de numerosas páxinas. O Concello fixo unha aportación de 1.000 pesetas para a organización das festas.

FESTAS DO SAN XOÁN (1933).- Comisión:..... Programación: Día 23: Pasarrúas con Gaitas do País, Rondalla La Unión, dirixida por Luis Carrozas, e Banda “ La Lira de Ribadavia” . Verbea. Día 24: Dianas e alboradas coa “ Lira de Ribadavia e “Sociedad Musical de Vilanova dos Infantes “. Misa, Procisión , concerto. Pola tarde concerto de “La Lira” e Romaría na Praza Xoán María López.Verbea e fogo aéreo de artificio. Día 25.- Gran Romería Típica Galega nas Insuas .”... Ás doce da mañá, partirán dende a Praza da Constitución cara ese fermoso parque natural, as bandas de música e a rondalla “ La Unión”, que desfilarán con alegres marchas polas rúas da vila; para esta festa que foi o número cimeiro do programa do ano pasado, contamos coas mesmas comodidades, é dicir haberá Bares ben instalados, Restaurants e os Hoteis servirán alí xantares a distintos prezos, e co fin de darlle maior realce , se cabe, a tan espléndido festival, conseguimos o poder escoitar nese día , ademais de “La Lira” , a Banda da “Sociedad Musical de Vilanova dos Infantes”, espléndida colectividade que coa de Ribadavia, son sen

dúbida algunha das mellores agrupacións musicais de Galicia e desde logo ás máis fieles intérpretes das melodías das nosa terra”. Verbea e fogos de artificio. O artista Sr. Fraga, de Lugo, fixo o debuxo da portada do folleto da programación, un díptico editado pola Imprensa Palacios de Lugo, con portada do artista Fraga, e na contraportada víase un único anuncio das galletas de Néstor González, debuxada polo mesmo artista. Eliseo Buján e Manuel Saco cederon os terreos das Insuas para a Romería Típica.

FESTAS DE SAN XOÁN (1934).- Comisión: Matías Yebrá, Cándido Pinto, Carmiña Pinto
Programación: Día 15.- Comenzo da novena na igrexa de Santa Mariña. Día 22.- Pasarrúas coas bandas “ La Lira” de Ribadavia, “ La Armonía “ de Vilapedre e “La Nueva” de Sárria. Verbea. Día 23.- Pasarrúas coas bandas de Sárria. Concerto da Banda “La Lira”. Partido de Fútbol no Campo do Morelle, entre os equipos locais “Racing Club” e “Eureka”. No Morelle: Sesión de Tiro de Pichón. Carreira ciclista.Verbea. Fogo de artificio. Día 24.- Pasarrúas de “La Armonía” e “La Nueva”. Pasarrúas co dueto lugués “Os Celiñas”, gaita e tamboril. Misa, sermón a cargo de Miguel Millán Bonell do Colexio Sadel de Monforte.Procisión. Concerto de “La Lira”. Romaría Típica Galega nas Insuas, concursos e verbea. Fogos de artificio e elevación de globos. A Comisión solicitou do Sr. ChenchoFraga a realización da portada do programa editado na Imprensa Palacios de Lugo. Rogaban ás mozas levasen o clásico mantón a todas as verbeas e proibiron a entrada de coches e cabalerías ao Parque das Insuas, cedido polos señores Buján e Saco.O folleto constaba de seis follas e catro das súas páxinas e a contraportada incluían publicidade da fábrica de doces “La Dulce Alianza” de Néstor González. Estableceuse un servizo especial de autobuses dende Lugo para facilitar a asistencia ás festas. ** “El Pueblo Gallego” , de Vigo, publicou o día 22 : “Sárria, ayer y hoy, Un rato de charla con nuestro corresponsal en Sárria, Jesús Puche” .- Retratos fotográficos de Carolina Copa, Mercé Deibe, María Tareixa SAVEDRA, Herminia RAMÍREZ. Serafín Martul : “Las Fiestas de hoy; Los ganadores del Tiro de Pichón; La Carrera Ciclista ; El partido de Fútbol. Los Conciertos de la Banda de Música La lira (crónica por teléfono).

FESTAS DO SAN XOÁN (1935).- Comisión... Programación.- Día 22.- Pasarrúas coas Bandas de Música “ Alongos-Untes” e “La Armonía “ de Vilapedre. Verbea. Fogos de artificio. Día 23.- Pasarrúas. Paseo de Moda e Concerto da Banda de Alongos-Untes, dirixida por Antonio Tojo. Romería nas Insuas. Verbea. Sesión de fogos aéreos. Baile da Xota. Día 24.- Dianas e alboradas . Misa. Procisión e Concerto da Banda de “Alongos-Untes”. Carreira Ciclista de obstáculos. Concursos de carreira de sacos, carreira de burros, equilibrio, cego sorpresa, etc. Verbea e sesión de fogos artificiais fixos. Baile da Muiñeira, con premios. Rogan ás mozas que leven o típico mantón. Proiben que nas Insuas entren coches e cabalerías. O folleto-programa foi editado na Imprensa de Felipe Rodríguez García, levaba publicidade de “La Dulce Alianza” de Nestor González.

FESTAS DO SAN XOÁN (1936).- Comisión.... Programación: Día 23: Pasarrúas coa Banda “ La Lira de Ribadavia “ e “La Unión Musical Sarriana”. Verbea na Praza Xoán María López. Fogos artificiais a cargo do pirotécnico local “Pedro López “ (Xato). Día 24.- Dianas e alboradas coas bandas. Misa, Procisión , Paseo e Concerto. Carreira de obstáculos, amenizada pola Unión Musical. Carreiras de Sacos, carreira de burros, equilibrio, etc. Música de Baile e Verbea. Fogos de artificio, elevación de globos grotescos e queima dunha traca. A carreira ciclista foi obxecto dun programa especial. O programa oficial , editado por Impresa Felipe Rodríguez García,constaba de catro follas, con anuncios da imprensa editora, da fábrica de calzado manual de Benito Iglesias Paradela e da Reloxoaría de Pedro Sánchez, cunha foto das Insuas na contraportada. Houbo un atentado por corte da liña eléctrica á hora da verbea feito por mozos fascistas, sendo obxecto de detención o chamado Rivas de Sanfiz como coautor .

FESTAS DO SAN XOÁN DE SÁRRRIA (1937 – 1938).- Debido á Guerra Civil non houbo festexos con actuacións musicais . As únicas manifestacións festivas nese período foron os desfiles patrióticos das tropas acantonadas na Vila , así como as manifestacións organizadas pola Falanxe e as Xuntas Xestoras Municipais con ocasión da “caída “ das distintas cidades, diante do avance das tropas franquistas.

FESTAS DO SAN XOÁN (1939).- Comisión... Programación: Día 23.- Pasarrúas coa Banda de Música do Reximento Infantería Zaragoza nº 30, co seu acompañamento de gaitas e a Banda “La Armonía” de Vilapedre. Verbea. Día 24.- Dianas e alboradas. Misa. Procisión. Concerto de música clásica. Paseo de

Moda, amenizado pola Banda militar. Bailes populares con “La Armonía”. Verbea. Sesión de Fogos artificiais. Día 25.- Dianas e alboradas coa Banda “La Armonía”. Concerto, Bailes populares, Verbea. Sesión de fogos artificiais. Día 26.- Dianas con “La Armonía” na “Praza da Constitución”, e carreiras pedestres, concurso de bailes e distraccións. Verbea. A Comisión pide se coloquen en xanelas e balcóns as “enseñas nacionais” e que as rapazas leven “Mantón de Manila”. O programa oficial foi editado en forma de sinxelo díptico pola Imprensa de Felipe Rodríguez, incluíndo anuncios da Fábrica de galletas “La Sarriana”, de Matías Loureiro, “Wiloska” de Guillermo Kappler e Casa Pintos. ** Reclamo publicitario en “El Pueblo Gallego”-Vigo: “Grandes Festexos en Sárria (Lugo) na honra do padrón San Xoán, celebráranse os días 23, 24, 25 e 26 de xuño e avísase aos que desexen instalar barracas e postos de venda no Campo das Festas, se dirixan á Comisión”-

FESTAS DO SAN XOÁN (1940).- Comisión.... Programación: Día 22, sábado .- 17:00 .- Disparo de bombas, pasarrúas coa Banda La Lira de Ribadavia, “La Unión Musical Sarriana” e o cuarteto “Os Montes” ;22:30.- Verbea na Praza Xoán María López. Día 23, domingo .- Dianas e alboradas.11:00.- Concerto na Praza. 14:00.- Pasarrúas das Bandas ata o Parque das Insuas, onde terá lugar a Romaría Galega.Postos de comida para os que non leven merenda.22:30.- Verbea, e queima de fogos de aire e praza. Día 24,luns .- Diana e alboradas. 11:00.- Misa Solemne, en Santa Mariña, Precisión e Concerto na Praza.16:00.- Festa na Praza, con carreiras de sacos, bicicletas, pedestres, cucañas, xogos e atraccións. 22:30.- Verbea na Praza, con programa de fogos e solta de globos. Pequeno Libro Programa editado por Gráficas Casa Severino. Portada: composición coa bandeira nacional, unha palmeira, un lápiz e unha silueta da “Vila” que a imprensa utilizaba para os seus cadernos. Presentaba no interior varias fotografías da vila e publicidade de 17 anunciantes. As carreiras seguían programa especial. A comisión agradeceu a Eliseo Buján a cesión do terreo das Insuas. Consignas: “A comisión encarece ao vecindario engalane os balcóns durante os tres días de festas.” “El mantón de Manila es símbolo de españolismo ; ; Sarrianas, no deixes de levarlo a las verbenas !”

FESTAS DO SAN XOÁN (1941).- Segundo datos de Antonio Peña Villamarín non chegou a haber festas neste ano.

FESTAS DO SAN XOÁN (1942).- Comisión... Programación.- Día 21.- “Os Trintas” e a Banda “La Armonía de Sárria” farán pasarrúas ata As Insuas. Romaría nas Insuas. Actuación da Banda “La Lira” de Ribadavia. Verbea na Praza de Xoán María López. Día 22.- Pasarrúas de “Os Trintas” e “La Lira”. Concerto na Praza. Cucañas e competicións deportivas. Segundo Concerto de “La Lira “. Actuación de “Os Trintas”, Baile e Paseo. Día 23.- Pasarrúas con “La Lira”, “Os Trintas” e a “Unión Musical Sarriana”. Paseo e Concerto na Praza.- Romaría na Praza. Verbea da Noite de San Xoán. Traca Aérea. Día 24.- Pasarrúas de “La Lira”, “Os Trintas” e a “Unión Musical Sarriana”. Presentación da Banda Municipal de Lugo. Misa con sermón do mercedario Xosé María Vallejo. Precisión coas “rúas alfombradas de espadanas, buxo e flores”, coa compañía do piquete da Garda Civil e unha Compañía do 3º Batallón do Reximento de Infantería, núm. 30 destacado nesta Vila”. Paseo. Concerto das Bandas. Verbea coas Bandas e os gaiteros. Elevación de globo e disparo de fogos de artefacto .Solicítase das mozas que luzan o Mantón de Manila. O Folleto –Programa foi editado pola Imprensa Casa Severino. A portada foi da autoría de A. Vázquez. Levaba publicidade de 26 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1943).- Comisión: Román López Rubín, Xabier Saco Rivera, Antonio Peña Villamarín, Xosé Penela Castedo e Fulencio López Carreira. Programación : Día 23.- Pasarrúas da “Unión Musical Sarriana”, “La Lira” de Ribadavia e a agrupación “Os Trabazos” do Castro de Caldelas. Verbea da Noite de San Xoán, coas Bandas. Sesión de Fogos de Artefacto. Día 24.- Celebración do Día de Corpus Christo e da Festa de San Xoán. Misas en Santa Mariña (ás 10) e San Salvador (ás 11).Saída da precisión en San Salvador uníndose a ela a imaxe de San Xoán ao pasar por Santa Mariña, sendo acompañada por piquete da garda civil e unha Compañía do Batallón destacado na Vila. Concerto ás 6 da tarde. Verbea coas agrupacións musicais. Sesión de fogos de artefacto. Día 25.- Pasarrúas de La Lira e Os Trabazos. Carreira ciclista de velocidade. Concertos e paseos na Praza. Día 26.- Concerto con La Lira e Os Trabazos. Partido de Fútbol entre a Unión Deportiva Sarriana e o Educación e Descanso de Lugo. Paseo concerto na Praza .Día 27.- Pasarrúas ata As Insuas con La Lira e Os Trabazos. Romaría campestre nas Insuas. Verbea, rematando con “multitude de globos e disparo de luminarias, tracas, morteiros e cubos de bombas”. A comisión roga que se alfombren con espadanas e flores as rúas por

onde pase a precisión e que as mozas luzan o Mantón de Manila. O Folleto-Programa foi editado pola Imprensa “Casa Severino. E a portada foi encargada a Arte Publicidad , de A Coruña. Levaba publicidade de 26 anunciantes. Figura entre eles o de Editorial Virgen del Carmen-Sárria, que ofrece Textos escolares. “El mejor manuscrito que se conoce: Don Quijote”. A recadación para as festas ascendeu a 16.897 pesetas.

FESTAS DO SAN XOÁN (1944).- Comisión: Presidente: Manuel López López, alcalde. Secretario.- Leopoldo López Rodríguez, 1º Tenente de alcalde; Vocais.- Cándido Pinto (Delegado do Casino), Xosé Pedrero Gallego (Presidente da Unión), Xabier López López (Pte. da Union Deportiva), Matias Loureiro (polo comercio e a industria). Pogramación: Día 23.- Pasarrúas. Verbea de San Xoán, coa Banda Municipal de Ourense, Unión Musical Sarriana e Cuarteto rexional de Redondela. Fogos de artificio. Día 24.- Dianas e Alboradas. Misa con Sermón. Precisión. No Estadio de Ribela , Partido de Fútbol. Proba ciclista para nenas. Proba ciclista para nenos. Xogos para nenos. Verbea e sesión de fogos de artificio. Día 25.- Dianas e alboradas. Proba ciclista con participación de afeizoados da provincia. Pasarrúas ata As Insuas. Festa Galega. Día 26.- Dianas. Carreira de fitas, cucañas , carreiras pedestres e de sacos , na Praza. Concerto de música galega. Pasarrúas de La Lira. Festa , concerto, verbea e fogos de praza e aire cunha grande traca. Establecen o Paseo pola Rúa Maior, e piden engalanen balcóns e rúas. O Libro-Programa foi editado pola Imprensa Casa Severino. A Portada foi encargada a Arte Publicidad de A Coruña. Presenta colaboracións literarias: “Estampas sarrianas” ; “La iglesia antigua de Santa Marina “(de Francisco Vázquez Saco); “Fiestas en los alrededores de Sárria”; “ Sárria industrial”; “De los antiguos castillos de Sárria... Etimologías (en clave de humor); “ Ferias y Mercado” (referida ás do 6 e 20, e San Lázaro)- Cita o mercado dos domingos e o desaparecido dos xoves; “Sárria “(de Francisco Vázquez Saco). Presentaba publicidade de 43 anunciantes. Un anuncio en color e o de “Primer Manuscrito Extractado de El Quijote” . Por J.V. Saco). Trátase do primeiro Libro Programa con colaboracións literarias. O día 24 de xuño tamén saíu á rúa o Boletín de Información Municipal Ayuntamiento de Sárria (Nº 3 Extraordinario) que incluía o Programa Oficial e os textos “Sarria”, “ Refranero (en galego e castelán)” “Leyendas y tradiciones de San Juan” “ San Juan “(Evangelio, San Lucas I, 5-17 ; San Lucas I, 57- 68).

FESTAS DO SAN XOÁN (1945).- Comisión... Programación: Do día 15 ao día 23: Novena de San Xoán Bautista. Día 23.- Pasarrúas coas Bandas “La Lira” de Ribadavia e a de “Sobrado do Bispo” e gaiteiros rexionais. Verbea da Noite de San Xoán. Fogos de artificio. Día 24.-Pasarrúas coas agrupacións musicais. Misa Solemne con sermón a cargo de Daniel Sarandeses , Consiliario Diocesano dos Xóvenes de Acción Católica ; Precisión. Concerto na Praza. No Estadio de Ribela encontro de Fútbol entre a Deportiva Sarriana e o J. A. de Previsión de Lugo. Romaría na Praza, con cucañas, carreiras de sacos , pedestres e outros xogos. Verbea, con sesión de fogos artificiais. Día 25.- Pasarrúas das bandas. Carreira ciclista. Misa en Santa Mariña. Concerto das Bandas e de seguido desfile ata as Insuas e Festa Galega nas Insuas. Verbea na Praza, con fogos de aire e elevación de globos grotescos. O Libriño-Programa foi editado por Editorial Jevasa. A portada é un debuxo de A. Vázquez. Non hai colaboracións literarias. Presenta publicidade de 27 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1946).- Comisión... Programación: Día 15.- Comenzo da Novena de San Xoán. Día 22.- Pasarrúas das Bandas de Vilanova dos Infantes , Sobrado do Bispo e Brigantina de Betanzos. Verbea na Praza de Xoán María López e na Praciña do Concello. Día 23.- Dianas e alboradas . En San Salvador función do Corpus Christi e precisión. Na Praza concerto con todas as bandas. Romaría. Verbea e sesión de fogos artificiais. Día 24.- Dianas e alboradas. Misa solemne con sermón de Manuel R. Posse, párroco de Santa María do Sar en Santiago, e precisión. Concerto. Romaría. Verbea.Traca. Contraportada: “ A grande feira cabalar de Sárria. 27 está chamada a ser das máis importantes pola grande riqueza pecuaria da comarca. Será considerada feira extraordinaria de ano a que se celebre os días 26 e 27 de setembro. Celébrase con premios todos os días 27”. O Libriño-Programa foi editado por Editorial Jevasa. A portada era da autoría de A. Vázquez. Colaboracións literarias: “El arte románico en el Ayuntamiento de Sárria” (Francisco Vázquez Saco) ; “Hijos ilustres de Sárria. Gregorio Fernández” (Francisco Vázquez Saco); “De la vieja Sarria.- Notas sueltas” (de Francisco Vázquez Saco); “Sárria en el Camino Francés de Compostela” (de Francisco Vázquez Saco). Presentaba publicidade de 18 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1947).- Presidente: Antonio Peña Villamarín, alcalde. Vocais: Manuel Portela, Pte. do Casino, Manuel Rivas, Pte. da Unión, Xosé Ulloa Porral, Coadxutor de Santa Mariña, Antonio González Macía, concelleiro, Matías Loureiro, Cándido Pinto e Xosé Viñas, polo comercio e a industria. Programación: Día 21.- Verbea ,probando a iluminación eléctrica de Miguel Romero, de Pontevedra, amenizada por “La Armonía” de Vilapedre. Día 22.- Partido de Fútbol no Campo de Ribela, entre o Sárria FC e o Club Ferroviaria de Monforte. Pasarrúas con La Lira de Ribadavia, La Armonía de Vilapedre, Unión Musical Sarriana e o Sexteto Rexional “Os Montes”. Verbea nas dúas Prazas. Día 23.- Dianas e alboradas. Concerto de La Lira. Bailables na Praza da Constitución por “La Unión Musical Sarriana” e Sexteto “Os Montes”. Paseo de Moda amenizado por “ La Lira” . Bailes populares. Verbena, Fogos artificiais. Día 24.- Dianas e alboradas, Pasarrúas. Misa con sermón de Xosé Sarandeses, profesor de Relixión na Escola de Comercio de Lugo. Procisión. Concerto da Banda La Lira. Bailes Populares.Verbea. Sesión de fogos artificiais. Recórdanlles ás mozas que deben levar Mantón de Manila. O Libríño –Programa foi editado por Editorial Jevasa. A portada aparece asinada por A.V . Colaboracións literarias: “Reyes medioevales en Sárria” (de Francisco Vázquez Saco), “ Artistas sarrianos del siglo XVI” , de Francisco Vázquez Saco. Levaba publicidade de 8 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1948).- Comisión.... Programación: Día 22.- Pasarrúas coas Bandas de Música La Lira, “La Unión Musical Sarriana” e o Sexteto “Os Montes” . Verbea, na Praza, Rúa Maior e Praciña do Concello. Día 23.- Pasarrúas ,concertos na Praza (La Lira), Ciguñeira (Unión Musical Sarriana) e Estación (Os Montes). Concursos con premios en metálico, na Praza. Paseo de Moda. Bailables. Verbea, fogos artificiais do pirotécnico Gabriel Rocha, de Sada. Día 24.- Dianas e alboradas. Misa e Procisión. Concerto de La Lira. Partido de fútbol no Campo de Ribela, entre o Club Renfe de Monforte e Sarría FC. Paseo de moda. Bailes populares coa Unión Musical e Os Montes. Verbea, Sesión de fogos de artificio. Día 25.- Dianas e alboradas con Unión Musical e Os Montes. Concerto na Praza. No Parque das Insuas, Romería Galega, con Os Montes e Unión Musical Sarriana. Tiro ao Prato disputando a Copa Sárria e 4.000 pta. en premios. Verbea nas Prazas de “Xoán María López e Constitución” con Unión Musical e Os Montes. Pidenlles ás mozas que leven o Mantón de Manila. O Libríño-programa foi editado pola Impresa da Viuva de F. Rodríguez. Fixéronse dúas tiradas: Unha cun debuxo do escudo municipal na portada e outra cunha vista vella da Rúa Maior. Non hai colaboracións literarias e leva publicidade de 26 anunciantes. Os ingresos obtidos pola Comisión foron : Cota Concello (5.000 pta); Lista xeral (17.967 pta); Cotas de forasteiros (760 pta); Barracas e postos (1.200 pta).Total: 24.927 pta; Os gastos foron: Banda de Alongos (4.160 pta); Banda de Sárria (2.800 pta); Gaiteiros (1.055 pta); Bombas e fogos (5.125 pta); Alumeado eléctrico (5.750 pta); Hospedaxes (3.284 pta); Función relixiosa (500 pta); Premios concurso, xornais e gratificacións (1.618,40 pta) ; Superavit para axudar á comprar unha cruz procisional do San Xoán (634,60 pta). Total gastos: 24.927 pta.

FESTAS DO SAN XOÁN (1949).- Comisión:.... Día 23.- Pasarrúas da “Banda de Alongos”, “Os Montes” e “Unión Musical Sarriana”. Verbea, Fogos artificiais. Día 24.- Dianas e alboradas. Misa con sermón de Xosé Varela Sánchez, coengo de Lugo, procisión. Partido de Fútbol entre Racing Club de Vilalba e Sarría FC. Paseo de Moda. Bailes Populares e Verbea. Fogos de artificio. Día 25: Dianas e alboradas. Concertos na Praza, no Cruce da Estación e na Ciguñeira. Tiro ao Prato no Campo de Ribela. Concursos.Paseo de Moda.Bailes populares. Verbea e fogos de artificio. Día 26.- Dianas e alboradas. Concertos en Catro Camiños e Cruce do Avenida. Romaría no Parque das Insuas amenizada pola Banda local e “Os Montes”. O folleto-programa editado por Jevasa, incluiu textos literarios de Francisco Vázquez Saco (“Sárria y San Juan “, “La Fortaleza de Sárria”, “Sárria, patria de Gregorio Fernández”), e a portada e un mapa do concello foron realizados por Antonio Vázquez Rivas. A Comisión agradece que as mozas leven o “Mantón de Manila”. É a primeira vez en que as festas de San Xoán se celebran tamén na parte baixa da Vila. ** Na procisión participou o Gobernador civil da provincia Xosé del Valle Vázquez, acompañado do tenente Coronel Xefe da Garda Civil de Lugo. Foilles ofrecido un xantar íntimo na Unión, ao que asistiron o alcalde e autoridades locais e o Rector do Seminario de Lugo, Francisco Vázquez Saco.

FESTAS DO SAN XOÁN (1950).- Comisión..... Programación: Día 23.- Pasarrúas coa “Unión Musical” e a “Banda de Allariz” , cuarteto “Os Montes” e dous gaiteiros do país. Concerto da Banda de Allariz.Verbena. Sesión de fogos de artificio. Día 24.- Dianas e alboradas, pasarrúas. Misa con sermón e Procisión. Concerto da Banda de Allariz. Paseo, bailes populares, concursos , verbea e sesión de fogos

artificiais. Día 25. Dianas e alboradas. Concerto na Praza coas bandas. Nas Insuas: Festa Galega. Verbea e traca. A comisión segue recomendando o uso do mantón de Manila .** Na Imprensa Jevasa editouse o programa oficial, incluíndo o primeiro pregón versificado de Avelino Pousa Antelo , Cántigas, Sarria Antigua-Recuerdos Romanos, Efemérides. Refranero (traballos de Francisco Vázquez Saco) . A portada e os debuxos realizounos Avary, incluíndo unha autocaricatura súa .Incluía publicidade de 35 anunciantes **A Imprensa Vda. De Felipe Rodríguez editou tamén un folleto coa programación e con un só texto anónimo titulado “Retorno”, incluía publicidade de 68 anunciantes. Os ingresos obtidos pola Comisión foron: Concello (5.000 pta); Veciños (18.105 pta); Forasteiros (200 pta); Barracas e postos (958 pta.) ; Déficit (3.240 pta);Total: 27.503 pta. Gastos: Banda de Allariz (4.690 pta); Banda de Sárria (2.660 Pta); Gaiteiros: (842 pta); Bombas e fogos (5.500 pta.) ; Alumeado (5.625 pta); Hospedaxe en xeral (5.511 pta); Función relixiosa (500 pta); Comida Auxilio Social (150 pta); Gaiteiros do Incio (400 pta): Gratificacións e gastos (1.625 pta.)Total: 27.503 pta.Déficit: 3.240 pta.

FESTAS DO SAN XOÁN (1951).- Comisión.... Programación: Día 21.- No Cine CISSA presentación oficial da Banda de Música Municipal de Sárria. Día 22.- Pasarrúas da Banda Municipal de Sárria e cuarteto de Gaitas. Verbea nas Prazas. Día 23.- Dianas e alboradas. Concerto na Praza coa Banda de Música de Sárria. Festa coa Banda, a Orquestra Tropical de Betanzos , cuarteto Os Montes e Gaitas do País. Verbea. Fogos de artificio a cargo do pirotécnico sarriao Pedro López. Día 24.- Dianas e Alboradas. Misa con sermón e procisión. Amenización da Schola Cantorum de Acción Católica interpretando a “ Misa Pontificalis” de L. Perosi. Concerto. Festa popular, paseo, cucañas, e xogos. Carreira de bicicletas, Verbea. Fogos de artificio a cargo de Álvarez de Chantada. O Libriño-Programa foi editado pola Imprensa Viuva de Felipe Rodríguez. Colaboracións literarias: “Otra vez” , anónimo; “San Juan el Precursor (a Manolo y Carlos)”, poema de J.J. (José Julio Quindós). Levaba publicidade de 57 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1952).- Comisión.: Presidente : O Alcalde. Polo Comercio: Francisco Lago Rey. Pola Industria: Xesús Barreal López. Polo Concello: Alfredo López Vázquez. Polo Casino: Federico Varela, Pola Unión: Eliseo Pérez Vázquez.** Programación: Día 22.- Pasarrúas co Sexteto Os Montes e a Banda Municipal de Sárria. Concerto. Festa coas ditas agrupacións e a Orquestina de Betanzos. Verbea. Sesión de fogos de artificio. Día 23.- Dianas e alboradas, coas agrupacións anteriores , a Banda Municipal de Lugo e o Cuarteto Rexional Infantil Lucense. Concerto.Romaría. Verbea da Noite de San Xoán, Sesión de fogos de artificio. Día 24.- Dianas e alboradas. Misa , Procisión e concerto. Festa nas Prazas, Verbea. Fogos artificiais. Día 25.- Dianas e Alboradas. Concerto na Praza e de seguido desfile ata As Insuas onde se celebra a Festa Galega. Iluminación: Casa Romero de Pontevedra. Pirotecnia: Hnos. Álvarez de Chantada e Pedro López de Sárria. Editouse un sinxelo díptico coa programación (Imprensa Jevasa).

FESTAS DO SAN XOÁN (1953).- Comisión.... Programación: Pasarrúas: Banda “La Lira” de Rivadavia e Banda Municipal de Sárria, Grupo de Gaiteiros “ Os Montes” e Agrupación Infantil de Música Galega “Os Argalleiros de Barreiros” . Verbena. “arderán as clásicas Fogueiras do San Xoán, nos montes máis elevados que circundan a veiga de Sárria”.Día 24.- Dianas e alboradas. Misa cantada polo Coro de Homes de Acción Católica. Misa con sermón de Benigno Jul Fernández, licenciado en Dereito Canónico. Procisión. Concerto. Carreira ciclista. Exposición de Artesanía organizada pola Sección Femenina nos locais da Xefatura do Movemento. Partido de Fútbol: Lemos Club-Sarria FC. Festa popular. Verbea, sesión de fogos artificiais. No Asilo e en Auxilio Social xantar extraordinario para os acollidos, debido á xenerosidade do Duque de Alba e Marqués de Sárria. Día 25.- Dianas e alboradas. Concerto na rúa Matías López.Gimkana Motorista en Diego Pazos-Matías López-Calvo Sotelo. Festa , verbea e fogos de artificio. Día 26.- Dianas e alboradas. Paseo de moda na rúa Matías López. Romaría Galega nas Insuas. Baloncesto: enfrontamento de dous equipos lucenses. Verbea.. Nos pasarrúas tomaron parte os cabezudos de Lugo, cun gasto por transporte de 30 pesetas. . Na Imprensa Jevasa editouse un Libro-Programa , con portada de Cebreiro e debuxos de Avary, con numerosos traballos literarios: “ Pregón”, en verso, de A. Pousa; “Pregón Religioso”, de Ricardo Sanlés; “Desde aquellas sopas y buen vino” , de J. Trapero Pardo; “Sárria , lugar ideal para el verano”, de G. Gutiérrez; “Sárria, además de agrícola industrial”, de E. Mª Santos Bugallo ; “Juan el Precursor”, poema de José Julio Quindós; “El río sin alma”, de Narciso Campillo; “La Casa de Lemos y el antiguo convento de Agustinos”, de Francisco Vázquez Saco; “O Vello dí “, cantigas e refráns recopilados por

Avelino Pousa; “D. Carlos Riomol y Quiroga”, de Pedro López Rubín; “La Música Gallega”, de Azorín; “Monasterio de la Magdalena”, de Eduardo Lence-Santar y Gutiérrez. Incluía tamén un mapa do Concello e o icono do Tamborileiro Municipal, obra de Avary. O Programa tivo un custe de 4.950 pesetas. Os gastos ocasionados polas festas ascenderon a 49.964,85 pesetas. Os gastos máis significativos foron: Orquestra Brigantina (3.000,00 pesetas), Lira de Rivadavia (4.350 pesetas), “Os Montes “ (1.324 pesetas); Alumeado de Romero (9.000 pestas), Pirotecias de Chantada e Sárria (10.358,55 pesetas); Madeira para a Xinkana (141 pesetas), Función Relixiosa (1.000 pesetas), Xantar dos nenos de Barreiros (500 pesetas), facer os palcos (1.733 pesetas), Convites no Casino e La Unión (1.821,60) , materiais , xornais, etc. . Os músicos foron acollidos nas Casas Vilaestevea, Riverena, Torrón, Novo Hotel, Burgalesa, Xosé Páramo, Amadeo Vázquez, Galicia e Lourido. No diario “ El Progreso” publicaron as relacións das aportacións en diñeiro feitas polos veciños.

FESTAS DO SAN XOÁN (1954).- Comisión. ... Programación: Día 23.- Pasarrúas coa Banda de Música La Lira de Ribadavia, Banda Municipal de Sárria , Gaiteiros Os Montes e Orquestra Brigantina. Verbeas na Praza e en Matías López. Día 24.- Dianas e alboradas- Misa cantada polo Coro de Homes de Acción Católica. Sermón a cargo de Xosé Fagilde Castro, Profesor do Seminario. Procisión. Partido de Fútbol entre o Racing Vilalbés e o Sárria FC- Festa. Verbea. Sesión de fogos artificiais. Día 25.- Pasarrúas. Paseo de Moda e Concerto en Matias López. Desfile ata As Insuas-. Romaría Típica Galega. Verbea na Rúa Matías López.Sesión de fogos de artificio. O día 24 servíuse un xantar extraordinario aos acollidos no Asilo e en Auxilio Social. No Casino de Sárria actuou o grupo “Argalleiros de Barreiros” dirixido por Euloxio Guede. Na Festa Galega fixeron un concurso de Baile Rexional, e adicáronlla á Colonia sarriana en Venezuela. Un sinxelo programa, con portada de Augusto Vázquez, e ilustracións de Avary , foi editado pola Imprensa Jevasa. Colaboracións literarias en galego : “Pregón” , de Avelino Pousa Antelo ; “O Vello di...”, algúns cantares e refráns. O xornal de Vigo “ El Pueblo Gallego” adicou a estas festas unhas páxinas especiais o día 24. Contido: “ Tierra de Sárria” , “ Los problemas de Sárria”. “Al habla con el alcalde de Sárria: Avelino Pousa Antelo entrevista al alcalde de Sárria”.**

FESTAS DO SAN XOÁN (1955).- Presidente de Honra: Xosé del Valle Vázquez. Gobernador Civil da Provincia-. Presidente Executivo: Manuel López Rodríguez (López-Vizcaino Rodríguez)-alcalde de Sárria: Vicepresidentes: Adolfo Reverendo López. Xosé González Rois; Secretario: Tomás Castellano Rodríguez. Tesoureiro: Ramón Castro Dorrego. Vocais: Matías Loureiro Alvaredo, Euxenio González López, Emilio Zaera Gayoso, Xosé Castro Saco, Eliseo Pérez Vázquez, Manuel Rivas Saco, Pedro Viñas López, Enrique Santiago Naya, Luis Castro González, Manuel González-Zaera López, Andrés Piquero Cabrero, Xosé Antonio Landín Fontán, Marcelino Franco Guitián. Álvaro López Rodríguez. Programación: Día 23, xoves.- Último día da Novena de San Xoán. Pasarrúas. Verbea. “ás 12 da noite arderán as clásicas “Fogueiras de San Xoán” nos montes próximos á Veiga de Sárria”. Día 24.- Venres.- Dianas e alboradas. Misa cantada polo Coro de Homes de Acción Católica, sermón do Sr. Ferro Martínez, beneficiado da Catedral de Lugo, Procisión Concerto. Partido de fútbol entre dous equipos de terceira división que disputarán un trofeo doado pola Comisión. Festa nas Prazas. Verbea. Os acollidos nos centros benéficos recibirán un xantar extraordinario, amenizado por agrupacións musicais. Sesión de fogos artificiais. Día 25, sábado.- Dianas e alboradas, Paseo de Moda e Concerto na rúa Matias López. Partidos de baloncesto e balonvolea no campo de Deportes do Frente de Xuventudes. Festa popular e Verbea. Sesión de fogos artificiais. Día 26, domingo.- Dianas e alboradas. Concerto e Paseo en Matías López. Desfile ata As Insuas. Romaría Galega. Verbea. Xigantes e cabezudos acompañarán ás agrupacións musicais no seu desfile polas rúas da vila. O Libro Programa, de moi boa calidade, foi editado por Gráficas Yebra. A portada e os debuxo foron da autoría do frade mercedario Carlos Casaldeiro. Colaboracións literarias: Salutación, de Manuel López Rodríguez, alcalde de Sárria; Mapa e distancias desde Sárria a; Pregón, por Xosé ; “ Sarría. Curandoiro de corpos e d’almas ”, de Uxío Carré; “ Sárria en los cancioneros medievales”, de Francisco Vázquez Saco; “Estampas” , por Xosé Xulio Quindós; “La flor de la verbena”, poema sen indicación do autor; “Un sepulcro y un libro”, de Pedro López Rubín; “Hijos Ilustres de Sárria.Fr. Juan de Sárria” , de Juan Naya Pérez; “Cantigas”, de Avelino Pousa Antelo; “Mientras es Primavera (de la Fiesta de los Artistas en Madrid. 28-5-48). Levaba publicidade de 87 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1956).- Comisión.... Programación:Día 23, sábado: Pasarrúas. Último día da

Novena do Santo en Santa Mariña. Verbea na Praza de Xoán María López, Praza do Axuntamento e Matías López. Fogueiras de San Xoán nos montes que circundan a Veiga de Sárria. Día 24, domingo: Dianas e alboradas. Misa e Procisión. Partido de Fútbol: Lugo FC e Lemos FC, disputando o II Trofeo de San Xoán. Festa, verbea e queima dun castelo de fogos de artificio. Día 25, luns: Dianas e alboradas. Paseo de Moda e Concerto na Rúa Matías López, Competicións deportivas e xogos infantís. Desfile musical ata o Parque das Insuas. Romería Típica Galega, Festa popular en Matías López, Verbea. Editouse un sinxelo folleto con portada con unha vista xeral de Sárria (Foto Julio), sendo editado en Gráficas Yebra, contando con un “Pregón das sonadas festas do San Xohán” asinado po O Tamborileiro Municipal (Avelino Posa Antelo) e un poema de Uxío Carré Alvarellos titulado “Ouh Sarria”. Aparece no Pregón o debuxo do Tamborileiro obra de Avary, e outros debuxos do mesmo autor.

FESTAS DO SAN XOÁN (1957).- Comisión... Programación: Domingo, 23.- Pasarrúas coas agrupacións musicais. Último día da Novena de San Xoán. Verbea na Praza do Axuntamento, Praza Xoán M^a López e Matías López. Luns, 24.- Dianas e alboradas. Misa con sermón a cargo de don Xermán Alonso, profesor do Instituto Masculino de Lugo. Procisión. Partido de Fútbol entre a S.D. Fabril da Coruña e Sárria FC, disputando o III Trofeo do San Xoán. Festa e Verbea nas Prazas. Sesión de fogos de artificio. Martes, 25.- Dianas e alboradas. Paseo de Moda e Concerto. No Parque das Insuas: Romaría Típica Galega. Festa e Verbea en Matías López. Agrupacións musicais: Banda Garrote de Santa Marta de Ortigueira, Banda Municipal de Sárria, Orquestra Brigantina de Betanzos, Sexteto “Os Montes” e Quinteto “Os Modernos”. O día 24 ,nos centros benéficos, xantar e cea extraordinarios. A comisión agradece que os veciños engalanen fachadas e balcóns. O díptico coa programación, de reducido tamaño, foi editado pola Imprensa R. Cabañas.

FESTAS DO SAN XOÁN (1958).- Presidente: Manuel López Rodríguez (alcalde); Secretario: Tomás Castellano Rodríguez; Tesoureiro: Ramón Castro Dorrego. Vocais: Adolfo Reverendo López; Comendador da Mercé; Xosé A. Landín Fontán; Presidente do Casino; Presidente da Unión; Álvaro López Rodríguez; Pedro Viñas López; Marcelino Franco Guitián; Xaime Armesto Montero; Emilio Zaera Gayoso; Henrique Santiago Naya; Antonio Uribe Sorribes; Rafael Manrique de Lara; Matías Loureiro Alvaredo; Luis Castro González; Manuel Rivas Saco; Severino Otero Mosteirín; Isidro Cabarcos Rodríguez; Iván González Zaera; Xerente do Banco da Coruña. Programación: Día 22, domingo.- Tiro ao prato, con tirada de proba e tirada principal. Día 23, luns.- Pasarrúas coa Banda Municipal de Música de Sárria, Banda La Lira de Ribadavia e Sexteto rexional “ Os Montes”. Remate da Novena do Santo. Verbea nas Prazas e en Matías López. Fogueiras de San Xoán nos montes pròsimos á Vila de Sárria. Día 24, martes: Dianas e alboradas. Pasarrúas. Misa con panexírico do santo a cargo de Celestino Saavedra Ascariz, coengo de Lugo. Procisión. Concerto musical. Partido de Fútbol.Festa popular e Verbea , coas bandas e a orquestra Brigantina, de Betanzos. Fogos de artificio. Día 25, mércores.- Dianas e alboradas, Paseo de moda e concerto en Matías López. Desfile das agrupacións musicais ata o Parque da Insuas. Romaría Galega. Gran Ginkana Motorista. Festa e verbea con Fogos de artificio. O Libro-Programa foi editado por Gráficas Yebra, e na portada aparece un debuxo coa vista da Vila e a Veiga dende a Torre da Fortaleza. Inclúe: Unha”Salutación” do alcalde Manuel López Rodríguez;O “Pregón” versificado do Tamborileiro Municipal (Pousa Antelo) ; “ ; Noite de San Xoán Aleda !, de Antón Naveyra; o poema “Maruxiña “ de Uxío Carré Alvarellos; “Sárria y sus gentes”, de Demetrio Díaz Varela; o poema “Muiñeira (adicado a Sárria)” de Claudio Varela; “La Corrida del Gallo” de Antonio Díaz Fuentes”, e o poema “ O Verderolo” de Avilés de Taramancos. Os debuxos do Tamborileiro e outros son de Avary. Atraccións instaladas e a recadación delas : Cabaliños e ratiña (1.300 pta); Coches e unha caseta de tiro (600 pta); 2 casetas de tiro (800 pta.); Posto de caramelos (25 pta); Posto de botellas (50 pta.); lanchas (150 pta); 2 bares na praza (225 pta);Total: 3.100 pesetas. A Comisión organizou unha “ Tómbola Pro Festas do San Xoán “ , con venda de boletos os días 15, 20, 22, 23 , 24 e 29. Para facela adquiriron dun total de 20 establecementos obxectos por valor de 16.715,10 pta, cun custe de instalación da caseta por 4.188,15 pta. Pola venda dos boletos ingresaron 22.504,40 pta, e os anunciantes (6) que figuraron nos boletos pagaron 900 pta. O beneficio líquido foi de 2.501,15 pta. Liquidación xeral de gastos e ingresos das Festas de 1958 . Ingresos.- Remanente do ano anterior (40,80 pta.); Aportación dos veciños (45.427,50 pta). Varios: Beneficio do Tiro ao Prato (73 pta.); Beneficio da Tómbola (2.501,15 pta); Beneficio da Jimkana (500 pta); Beneficio da Función teatral (1.729,95 pta) ; Barracas e postos (3.100 pta); Aportación do Concello (9.103 pta). Reparto porcentual:Aportacións dos veciños: 72,71 % ; Varios: 7, 69 % ;Barracas e postos: 4,96 % ; Aportación do Concello: 14,57 %.**

Total ingresos: 62.475,40 pta.-Gastos: Bandas de Música: Orquesta Brigantina (5.000 pta): Gaiteiros Os Montes (1.462 pta); Banda La Lira (8.400 pta); Banda de Sárria (2.100 pta). Hospedaxes dos músicos : Hotel Burgalesa (1.140 pta); Hotel Novo (1.400 pta); Xosé Páramo (1.619 pta); A Rivereña (1.430 pta).- Fonda Sierra (945 pta). Alumeado: Sr Piñeiro (10.000 pta). Fogos artificiais: E. Álvarez (7.000 pta), Xiro (9,65 pta); Hospedaxes casa Vilaesteva (180 pta.). Programas e propaganda: Imprensa Yebra (8.000 pta a restar 4.979,45 pta de anunciantes). Permiso Oficial: Sociedade de Autores (1.540 pta). Función Relixiosa; Adolfo Reverendo (1.000 pta). Competicións deportivas: Reloxería “A Suiza” , por trofeus (1.635 pta). Donativo ao Hospital (1.000 pta). Donativo ao Auxilio Social (350 pta). varios: Carpinteiro Seijas (655 pta); D. López, transportes (325 pta); X. Díaz , transportes (125 pta) ; Emilio Zaera, garaxe para o coche de “ La Lira” (30 pta). Sobres , papel e selos (55,50 pta). Agasallos: Conserxe de La Unión (12.053,70 pta). Total de gastos: 62.475,40 pta.** Contas da Tómbola Pro Festas do San Xoán 1958 : Adquisición obxectos e agasallos (16.715,10 pesetas) Gastos de organización (4.188,15 pesetas) . Total: 20.903,25 pesetas. Ingresos: Venda de boletos (22.504,40 pesetas).Publicidade comercial nos boletos (900,00 pesetas). Total: 23.404,40 pesetas. Beneficio liquido: 2.501,15 pesetas. A Tómbola estivo aberta os días 15, 20, 22, 23, 24, 25 e 29 de xuño.**

FESTAS DO SAN XOÁN (1959).- Presidente de honra: Manuel López Rodríguez (alcalde); Presidente: Matías Loureiro Alvaredo; Secretario: Manuel Alvaredo Arias; Tesoureiro : Xulio Rodríguez González (Carballeira). Vocais: Benjamín Fernández Villar; André Sampayo Sixto ; Ramiro Rodríguez, Xesús Fernández; Leonardo Gómez; Manuel López Fernández; Serxio Bello; Antonio Suazo Mariño; Antonio López López; Manuel Pardo; Eloi Rivas Barreal, Xosé Páramo; Gumersindo Regueiro; Pedro González; Guillermo Vázquez Fernández. Programación: Día 23, martes: Pasarrúas coa Banda Municipal de Musica de Sárria e o Sexteto Os Montes. Remate da Novena do Santo. Verbea nas Prazas. Día 24, mércores: Dianas e alboradas. Misa con sermón e Procisión. Concerto da Banda de Infantería de Marina de Ferrol. Festa popular nas prazas e Verbea coas bandas e a “Orquestra España” de Betanzos. Fogos de artificio. Día 25, xoves.- Dianas e alboradas. Paseo vermú e concerto en Matías López. Desfile das agrupacións musicais ata o Parque das Insuas. Típica Romaría Galega. Festa popular e verbea en Matías López. Fogos de artificio. O autor da portada do Libro-Programa editado po Imprensa R. Cabañas foi Oscar Castro Díaz. Inclúe os traballos: “Pregón” versificado do Tamborileiro Municipal (Pousa Antelo); o poema “ A un Canario na Gaiola” de Uxío Carré Alvarellos; o poema “Canto de Nenos en Roda “ de Avilès de Taramancos; “Lumeirada” por Claudio Varela García; “ El Primer Conde de Sárria” , por Demetrio Díaz Varela. Os debuxos do Tamborileiro e outros foron da autoría de Avary. A publicidade incluía 67 anunciantes. Escenarios das festas: Praza do Concello, Praza Xoán María López, Rúa Matías López, Parque das Insuas e Campo de Fútbol das Insuas. Foi o derradeiro ano no que se celebrou a Romaría das Insuas.

FESTAS DO SAN XOÁN (1960).- Presidente: Xabier López-Acevedo López. Vicepresidente: Matías Loureiro Alvaredo; Secretario : Xesús Fernández; Tesoureiro: Xulio Rodríguez González; Vocais: Serxio Bello; Leonardo Gómez; Gumersindo Regueiro; Ramiro Rodríguez; Xosé Páramo; Manuel López Fernández; Antonio Suazo; Bautista Lòpez Díaz ; Raúl López Loureiro. Programación: Día 23-Verbeas-xoves.- Pasarrúas coa “Unión Musical Sarriana” e o Quinteto “Os Modernos” de Lugo.Verbea nas Prazas. Día 24-San Xoán-venres.- Dianas e alboradas. Concerto coa Banda Municipal de Lugo, Partido de Fútbol, nas Insuas. Lemos Club de Monforte, contra o vencedor do encontro Club Lugo e Sarria FC, celebrado o día 19. Festa popular e verbea nas Prazas: Orquestra Venus de Viveiro . Fogo de artificio. Día 25-Festas-Sábado.- Dianas e alboradas. Concerto na Praza coa Banda “ Unión Musical Sarriana”. Tirada ao Prato valedeira para o campionato de España de Regularidade. Festa e Verbea nas Prazas. Día 26-Romarías- domingo.- Dianas e alboradas. Concerto.Desfile das agrupacións musicais ata o Parque das Insuas. Jinkana Motorista. Verbea na Praza. O Libro-Programa , editado por Gráficas Yebra, presenta unha portada con redución parcial de debuxo de anterior programa, con vista dende as almeas da Torre. As colaboracións literarias foron: “Pregón”, prosa sen identificación do autor; “Cantigas Galegas-Negra Sombra-“ de Rosalia de Castro (con erros) e os romances de Don Sancho e de dona Alda. No interior debuxos de Avary .

FESTAS DO SAN XOÁN (1961).- Comisión : Xabier López Acevedo López (Presidente); Xoán Núñez Folla (Tesoureiro); Antonio Díaz Fuentes. Programación: Día 23.- Saída dos pregoeiros. Leu o pregón Antonio López Silvosa. Pasarrúas con Unión Musical Sarriana e o Sexteto Rexional “ Os Montes” ,

“coa festiva comparsa de xigantes e cabezudos” . Verbea nas Prazas. Día 24.- Dianas e alboradas. Concerto coa Banda Municipal de Lugo. Encontro de fútbol entre o Lemos Club (de 3ª División) e o Sárria F.C. (reforzado). Festa, verbea (Orquestras Mayka e Vélez , de Lugo) e fogos de artificio. Día 25.- Dianas e alboradas. Tiro de Pichón nas Insuas.Festa e Verbea.Día 2 de xullo.- Gimkana Motorista no Campo das Insuas. Actuación da Agrupación de Coros e Danzas de Educación e Descanso de Lugo. Festa popular. Verbea na Rúa Matías López (os actos previstos para o 29 foron trasladados para o 2 de xullo). O Libro-Programa foi editado na Imprensa R. Cabañas, correndo a edición por conta da Comisión, e a coordinación do mesmo a cargo de Antonio Díaz Fuentes. A portada é unha fotografía da Torre da Fortaleza. Traballos literarios: “Pregón” versificado de Avelino Pousa Antelo; “Evocación y paisaje”, de Antonio Peña Villamarín; “Juan Bautista, hombre de esperanza” , de Xosé Xulio Quindós Pardo; “De la Historia de Sárria. Monasterios de Sárria en la Alta Edad Media”, de Francisco Vázquez Saco; “Amor gañei na tristeza” , poema de Uxío Carré; “ Cantigas y refranes”, de Valentín Arias López; “Conciencia de Galicia.Paisaje y Paisanaje”, de Anxel Fole; “A Serra Longa”, de Novoneyra. Escenario das Festas: Praza do Concello, Praza Xoán María López, Rúa Matías López e Campo de Fútbol das Insuas (fútbol, gymkana motorista e Tiro ao Pichón). Estado de Contas: Ingresos.- Aportacións dos veciños e tómbolas: 60.361 pta. Aportación Concello: 5.000 pta. Gastos: 62.988,05 pta. O superavit de 2.372,95 pta, foi reintegrado ao Concello. Contas: Sexteto Os Montes: 3 días e viaxes: 2.014 pta; Orquestra Vélez: 2 días e viaxes: 6.600 pesetas; Orquestra Maika: 2 días e viaxes, 6.775 pesetas; Banda Municipal de Lugo (día 24 e viaxes),8.960 pesetas; Fogos artificiais (pirotécnico Chantada), 8.000 pesetas; Alumeado (Villamarín de Ourense), 8.000 pesetas; Gastos varios,: 367,55 pesetas;Permiso Goberno Civil: 1.003,50 pesetas; Sociedade Xeral de Autores e Protección a Menores(Penela): 1.628 pesetas; Eganche alumeado ,200 bombillas de 18 w (Delegación de Industria), 73 pesetas; Agrupación Musical Sarriana (días 23 e 25); 6.500 pesetas. Fonda Páramo: 1.045 pesetas; Fonda Riverena : 1.045 pesetas; Fonda Sierra: 850 pesetas; Fonda Lourido: 900 pesetas; Hotel Roma: 660 pesetas; Dietas e viaxes do peón que trouxo os Xigantes e Cabezudos: 368 pesetas; Donativo ao párroco de Santa Mariña: 500 pesetas; Donativo ao Asilo de Anciáns: 500 pesetas; Acarreos Sr. Rival Barreal: 90 pesetas; Acarreo da pólvora, Latona: 50 pesetas; Montaxe palcos e outros gastos, Cabo Municipais: 95 pesetas; Montaxe palco , Curvos: 50 pesetas; Puntas en Ferretaria Rodríguez: 14 pesetas; Orquestra Maika , día 2.07.61, con viaxes: 3.000 pesetas; Viaxes do Orfeón de Educación e Descanso de Lugo (2.07.61): 1.000 pesetas; Gaiteiros acompañantes do Orfeón: 750 pesetas; Hotel Novo, cea do orfeón e gaiteiros: 600 pesetas; Fonda Sierra, idem: 600 pesetas; Fonda Páramo, idem: 600 pesetas. Garaxe Zaera ,por 7 estancias do camión do alumeado: 70 pesetas ; Casa Vilaestava, estancias do Pirotécnico e peón: 280 pesetas.Total Gastos. 62.988, 05 pesetas. A organización da tirada de pichón, con orzamento e contas propias, deu superavit, que quedou para outras edicións. A tirada dos programas supuxo un gasto de 8.000 pesetas, dando un beneficio neto de 1.500 pesetas, quedando ademais pendentes de entrega á Comisión : 200 pesetas (La Unión), 200 pesetas (Empresa Portomarín) e Xermán Vázquez, outras 200 pesetas.

FESTAS DO SAN XOÁN (1962).- Comisión.... Programación: Día 21.- 10:00. Misa solemne na igrexa de San Salvador seguida de procisión.17:00: Primeiro partido de fútbol do Torneo Triangular. 19:00.- Festa na Praza de don Xoán María López.122:30: Verbea na mesma praza.- Día 22: Festa popular na Praza de don Juan María López. Día 23: 19:00, Festa nas prazas de don Juan María López e do Concello.22:30: Verbea. Día 24: 11:30: Misa Solemne en Santa Mariña e procisión.13:00: Concerto na Praza de Don Xoán María López. 17: Partido final do Torneo Triangular de Fútbol.- 19:00.- Festa nas Prazas; 22:30: Verbea nas Prazas. 24:00, Sesión de fogos de artificio. Agrupacións Musicais: Banda “La Lira” de Ribadavia; Agrupación Musical Sarriana Orquestra Millara do Carballiño; Orquestra Mayka de Lugo, Sexteto Rexional “ Os Montes”; Alumeado: Empresa Villamarin de Ourense; Pirotécnico: Álvarez Cabo de Chantada. Na imprensa Cabañas editouse un sinxelo programa de man , sen publicidade nin colaboracións. Unha nota advertía: “ Que por imperativo da lexislación vixente, que proibe celebrar festexos nas estradas estatais e provinciais, todas as festas terán lugar nas prazas do Concello e de don Xoán María López.

FESTAS DO SAN XOÁN (1963).- “ O San Xoán das Mulleres “. Comisión Feminina de Festas de 1963 (Clementina López-Acevedo López, Carmela González Ruiz, Olga López Cisneros...). Programación: Domingo 23.- Partido de Fútbol entre o Clube Deportivo Lugo e Sárria FC (nas Insuas). Festa e Verbea. Luns, 24.- Dianas e alboradas. Misa, procisión e Concerto. Festa Popular e Verbea. Sesión de fogos de artificio. Martes, 25.- Dianas e alboradas. Concerto na Praia Municipal e en Matías López,

Festa na pista da Praia Municipal e en Matías López, Verbea en Matías López. Actuaron unha Banda de Música, a Orquestra Millara do Carballiño, a Orquestra Rambalts de Betanzos e o Quinteto Rexional Muradelle de Chantada. A iluminación correu a cargo de Franjo de Monforte de Lemos e a pirotecnia foi de Álvarez Cabo de Chantada . O Díptico –Programa foi editado por R. Cabañas. Escenario das Festas: Praza do Concello, Praza Xoán María López, Praia Municipal , Rúa Matías López e Campo de Fútbol das Insuas. Editouse un díptico coa programación, sen colaboracións literarias.

FESTAS DO SAN XOÁN (1964).- Comisión : Presidente: Xabier López-Acevedo López. Secretario: Martín del Prado Balboa. Tesoureiro: Xulio Rodríguez González. Vocais: Emilio López Somoza, Xesús González González, Xermán Vázquez Losada, Pedro López Fernández, Manuel López Losada e Eladio Díaz Rodríguez. Programación.-Día 21: Repenique de campás e tirada de foguetes. Festa popular na rúa Matías López. Verbea, coas orquestras Gran Parada de Rianxo e “ Los Céltigos” “ que recorrerán a Vila interpretando unha escollida selección de pasarrúas “ (sic). Día 22, no Cine CISSA, actuacións da Compañía de Espectáculos de Antonio Molina. Día 23.- Volteo de campás e tirada de foguetes. Desfile de Gaiteiros, Lamas La Piña de Ferrol, Banda Municipal de Celanova e Los Céltigos no pasarrúas. Verbea nas Prazas . No Campo da Feira e no Monte Pequeno “Fogueiras de San Xoán”. Día 24.- Dianas e alboradas coas pampónigas. Misa solemne coa actuación do Coro de Homes de Acción Católica. Panexírico do Santo por don Celestino Saavedra Ascariz, coengo de Lugo. Procisión. Concerto na Praza coa Banda Municipal de Celanova. Asalto Vermú na Praia Municipal. Festa e verbea nas Prazas. Fogos artificiais. Día 25.- Dianas e alboradas. Paseo de Moda na Praia Municipal. Tipica Romería Campestre na Praia. Fogos Acuáticos. Verbea na Rúa Matías López. Día 26.- Na Rúa Matías López, carreira de sacos, salto á argola, tiro ao pucheiro e atraccións para a mocidade. Baile na mesma rúa. Día 27.- Festa Popular no campo da Feira. Sexta Verbea no Cruce de San Lázaro. Día 28.- Festa no Barrio da Estación: Concerto , Festa e Verbea. Tiro ao prato no Campo das Insuas. Día 29.- Adicada ao Barrio da Ciguñeira. Festa e Oitava Verbena. En Gráficas Yebra foi editado o Libro Programa que se abría con portada de Rodim. Contido: Salutación de Xabier López Acevedo López. Guión. Pregón de Traperero Pardo,”Los que están fuera” , de Xosé Xulio Quindós. “Sárria villa Crucial en el Camino de Compostela “, de Antonio Peña Villamarín ; “Esos que se van” (anónimo); “Idiomas aldeanos”, por Valentín Arias López, “ Sarría La Castellana de Lugo”, unha semblanza de Tuñas Bouzón. O programa incluía 61 anuncios. Os días 23, 24 e 25 houbo actuacións do Circo Holanda.

FESTAS DO SAN XOÁN (1965).- Presidente : Xesús Vázquez Rivas (alcalde), Manuel Rodríguez Díaz. Programación: Día 23 (mércores): Pasarrúas, Verbea: Banda Municipal “La Lira” de Ribadavia, Orquestra “Gran Parada” e cuarteto rexional de Ribadavia. Día 24(xoves): pasarrúas, misa, procisión , concerto, Festa (5 tarde) , verbea e sesión de fogos artificios . Exposición de Maquinaria Agrícola no Chanto . Día 25 (venres): Dianas e alboradas, partido de baloncesto, concerto na Praia Municipal, Romaría Campestre con polbo, festa no Chanto, Verbea en Matías López e fogos artificiais. Exposición de maquinaria agrícola no Chanto. Día 26: verbea coa orquestra “Millara”. Día 27 (domingo): Excursión a Pedrafitas do Cebreiro pola celebración do Día da Provincia, festa popular e verbea, actuación do cuarteto rexional “Os Iris “ de Monforte e a orquestra “Millara”. Día 29 (martes): Tirada local ao prato. A portada do Libro-Programa foi realizada por Rodim, e a edición corresponde a Gráficas Yebra. Textos literarios: “Saludo y bienvenida”, por primeira vez en galego un saúdo asinado polo Alcalde e Presidente da Comisión de Festas; “ El Camino de Santiago por terras luguesas. Su paso por el Municipio de Sárria”, de Antonio Peña Villamarín; “Las Fiestas Patronales”, por Antonio Díaz Fuentes; “San Xoán Aldeán “, de Valentín Arias López;” Conto (recollido en terras de Sárria); “Contos galegos. As Fogueiras do San Xohán”, de Anxel Fole. Incluía publicidade de 47 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1966).- Presidente de honra: Xesús Vázquez Rivas. Presidente Executivo: Xermán Vázquez Losada; Secretario: Mateo Robles Pérez; Tesoureiro: Gumersindo Regueiro López; Vocais: Pedro López Fernández, Xosé López Díaz, Xesús González González e Xaime González López. Programación .Xoves 23.- Pasarrúas coas pampónigas. Verbea nas Prazas con Conxunto Musical Los Flavia e a Banda “La Lira Ortégana” de Santa Marta de Ortigueira. Venres, 24.- Dianas e alboradas. Misa, Procisión. Concerto coa Lira Ortégana. Festa nas Prazas coas Orquestras Lamas La Piña e Trébol- Verbea. Fogos de Artificio .Sábado 25.- Dianas e Alboradas. Concerto na Praia Municipal con Lamas La Piña e Gran Parada. Romaría Galega no Chanto. Fogos acuáticos no Río Sárria (O Chanto). Verbea no Cruce do Avenida con Lamas La Piña e Gran Parada. Día 26, domingo.- Dianas e alboradas

e desfile das Pampónigas. Concerto no Cruce da Estación. Festival Taurino organizado polo “Cordobés” (Xaime Luciano) e Comisión de Festas. Con reses de Manuel Benítez “El Cordobés”. Festa no Cruce da Estación con Gran Parada e Los Flavia. Verbea. Luns, 27.- Dianas e alboradas. Festa no Campo da Feira e Verbea no Campo das Barracas (A Ciguñeira), coa Gran Parada. Mércores 29.- Dianas e alboradas. Concerto no Cruce da Ciguñeira coa Gran Parada e Los Flavia. Baile e verbea. O Libroño-Programa foi editado por Gráficas Yebra e a portada foi feita por Finxo (Fermín Díaz Losada); “Pregón” , versificado por A. Pousa; “Humor gallego...” ; “ O toque da alborada”; “Cantigas galegas”. “Negra sombra” , de Rosalía de Castro; “Romance de dona Alda” , “Encol dos emigrados”, por Valentín Arias López. Levaba publicidade de 2 anunciantes. As páxinas centrais estaban ocupadas por unha vista xeral a todo color da vila de Sárria tomada desde o aire.

FESTAS DO SAN XOÁN (1967).- Presidente: Xesús Vázquez Rivas (alcalde); Secretario: Xosé Rodríguez Treballe; Tesoureiro: Matías Loureiro Alvaredo; Vocais: Armando Novo Freire, Pedro López Fernández, Pedro Díaz Vázquez, Manuel Cela Pérez, Euxenio López Carrozas, Manuel Rodríguez Díaz, Víctor López Villarabid. Programación: Día 23: Pasarrúas co Banda de Celanova e os gaiteiros “Os Iris”. Verbea. Fogueiras de San Xoán. Día 24: Pasarrúas, misa solemne, procisión, concerto. Partido de fútbol : Club Lemos-Sarria FC. Festa coas Orquestras “Internacional Compostela” , ”Los Embajadores “ e “Banda de Celanova”. Verbea. Fogos de artificio. Día 25.- Alboradas. Partido de Baloncesto OJE Local- Escuela Europa. Concerto no Chanto coa Orquestra Compostela, Romaría campestre. Partido de Fútbol Juvenil : OJE Local-San Antonio de Lugo. Festa no Chanto. Verbea en Matías López. Día 26: Dianas e alboradas. Competición de Natación (organizada pola OJE), Tirada ao Prato, Ciclo Cross, Festa e Verbea en Matías López, con “Los Embajadores”. A portada do libro programa foi realizada por Rodim, e foi editado por Imp. Galicia. ** No BOP de Lugo o 2.09.1967 publicouse a “supresión de toda clas de festexos nas rúas principais da vila” , mandato que non foi atendido.

FESTAS DO SAN XOÁN (1968).- Comisión.....Programación: Domingo, 23: Partidos de baloncesto na OJE (10:00 e 16:00); 17:00.- Pasarrúas de conxuntos musicais , xigantes e cabezudos: 18:00 .- Primeira Corrida de Touros, Festa na Rúa Matías López coa Banda Municipal de Celanova e a Orquestra Radio da Coruña. 23:00.- Verbea na Praza do Concello e na de don Xoán María López.- Luns, 24.- Dianas e alboradas, e desfile de xigantes e cabezudos.- 12:00.- Misa Solemne seguida de procisión. 13:30.- Concerto coa Banda Municipal de Celanova e “Os Iris”; 17:00.- Festa coa Banda de Celanova e a Orquestra Radio da Coruña; 23:00.- Verbea; 24:00: Sesión de fogos de artificio; Martes, 25.- Dianas e alboradas, desfile de xigantes e cabezudos; 13:00.- Concerto na Praia do Chanto , pola Orquestra Radio da Coruña; 17:00.- Segunda Corrida de Touros. Romaría Popular na Praia do Chanto, coa Orquestra Radio e o conxunto rexional” Os Iris”. 23:00.- Verbea na Rúa Matías López. Mércores, 26.- Dianas e alboradas, desfile de xigantes e cabezudos; 11:00.- Tirada ao Prato; 13:00.- Concerto coa Orquestra Gran Parada, en Rúa Matías López; 18:00.- Festa; 23:00: Verbena, coa Gran Parada de Rianxo. Xoves, 27.- Dianas e Alboradas e desfile de xigantes e cabezudos; 13:00.- Concerto coa Orquestra Gran Parada na Rúa Matías López; 18:00.- Festa.- 23:00: Verbea. Sociedade La Unión. Día 23, sesión vermú , Cea Americana e Verbea de Gala, coa orquestra Los Cunters; Día 24: Concerto, Té-Baile e Verbea- O Casino: Día 24, Verbea de Gala con “Los Flavia”. Libro Programa editado pola Imprenta Galicia.- Portada: Rodim; Contido: Guión. “Sarria y su palpitar vital”, de Xosé Trapero Pardo; “En un marco exhuberante”; “Caminos de Galicia: Sarria a la luz indecisa”, por Anxel Fole; “Tierra Madre”, poema de Mario López Gay; Rincones de Sárria; Consellos(Cuartetos); Contos da Terra: O medio tolo; “Soidade”, poema de Mario López Gay; “Desarrollo Cultural”; Cantigas. O Libro Programa recollía publicidade de 27 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1969).- Presidente: Xesús Vázquez Rivas (alcalde); Vicepresidente: Pedro López Fernández; Secretario: Euxenio López Carrozas; Tesoureiro: Manuel Irimia López. Vocais: Luis Arias López, Benigno López Villar; Carlos Arias Arias, Luis Yebra Somoza; Manuel García Castro; Antonio Suazo Mariño; Víctor López Villarabid. Programación: Día 21(sábado): Dianas e alboradas e desfile das pampónigas (xigantes e cabezudos) . Corrida de Touros: Touros da gandeiría de don Miguel Higuero que serán picados, banderillados e mortos a estoque polos espadas Manuel Rodríguez, Manuel Benitez “ El Cordobés” e Sebastián Palomo Linares, acompañados das súas cadrillas de banderilleiros. Festa e Verbena (O Chanto e Matías López); Día 22 (domingo).- Dianas e alboradas, concerto musical

en Diego Pazos; “Novillada” coa rexoneadora Antoñita Linares , Lorenzo del Olmo e Fredy Girón , Festa coa orquestra “Compostela” e a Banda de Celanova. Verbea. Día 23 (luns).- Verbea nas Prazas Xoán María López e do Concello, coa Banda de Celanova e “Os Barros”; Día 24 (martes): Pasarrúas, misa, procisión, concerto coa banda de Celanova e Os Barros de Chantada, partido de Fútbol: C.D. Ourense-Selección Galega.Festa coa Orquestra Radio da Coruña, Banda de Celanova, “Kalù” de Lugo e Os Barros; verbea, fogos de artificio.Día 25 (mércores): Dianas e alboradas, desfile das pampónigas, concerto no Chanto, Festa Popular no Chanto coa Orquestra Gran Parada de Rianxo e “Os Barros”, concurso da mellor empanada. Tirada ao prato no Morelle. Verbea na rúa Matias López; Día 26 (xoves).- Partido de Balonmán nas Insuas, entre a Selección Lucense e Ademar. Día 27 (Venres).- Día do Polbo. Partido de Baloncesto: OJE-Breogán. Día 28 (sábado).- Inauguración oficial das rúas : Avda. de América (Rúa Lugo) , Rúa Nova, Gran Vía, Avenida Portomarín, Río Sol e Barrio do Hospital, con festas populares en todas elas . Día 29 (domingo): Festa na rúa José Antonio coa Orquestra “Los Brillantes” de Cambados. No Morelle tirada ao prato do partido xudicial. Verbea. O Libro –Programa foi editado pola Imprensa Galicia. Colaboracións: “Saludo”, de Xesús Vazquez Rivas; “ Pienso , por exemplo...”, de Carlos Esteban Deive; “Sárria y su Zona como quehacer común”, de José Julio Quindós; “Anatomía de mi pueblo”, de Mario Gay; “Que siga viendo como Sárria...” , texto anónimo; “Santa Mariña”, poema de Ramón do Moreno; “Camiños de Galicia.- O Incio”, de Anxel Fole; “Sárria, villa singular en Fiestas” , de Chao de Zarrido.Incluía publicidade de 77 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1970).- Presidente: Euxenio Quiroga Vázquez (alcalde); Secretario-Contador: Xosé Penela Castedo; Vocais: Pedro López Fernández, Ezequiel Rodríguez García; Euxenio López Carrozas; Álvaro González López; Manuel Rodríguez Díaz; Xosé Páramo López; Víctor López Villarabid; Antonio Peña Díaz; Luis Yebra Somoza. Programación: Día 23: Pasarrúas coas Pampónigas, agrupación de Gaiteiros e Banda Municipal de Celanova. Verbea coa Banda de Celanova, Gaiteiros e Orquestra “La Nueva Lira” de Vilalba. Fogos de artificio. Día 24: Pasarrúas. Misa , procisión e concerto(Banda Municipal de Celanova)- Final Trofeo San Xoán de Fútbol- Festa con Banda de Celanova, Gaiteiros “Os Barros”, Orquestras “ Montes” de Pontevedra e “Nueva Lira” de Vilalba. Verbea. Fogos de artificio. Día 25.- Dianas e alboradas, coa banda e gaiteiros. Trofeo Rexional de Tiro ao Prato. No Chanto: I Trofeo Xuvenil de Natación. Concerto musical coa Banda de Celanova. Premio á mellor empanada. Trofeo de Tenis de Mesa. Romería Galega, coa Orquestra Os Montes, Banda e Gaiteiros. Verbea, en Matias López, Fogos de artificio. Día 26: Concerto musical en Matias López. II Trofeo San Xoán de Balonmán, Festa Popular en Matias López coas agrupacións musicais rexionais. Día 27.- III Trofeo San Xoán de Baloncesto, na cancha da OJE. Festa do Polbo, nas casetas do Campo da Feira, co cuarteto os Barros. Festival Infantil con un Parque Infantil de Tráfico instalado,por Begano SA. Día 28 .- I Trofeo San Xoán de Iudo, Partido de Fútbol. Novillada con picadores: El Platanito, Paco Robles, Bombita (rexoneador). Festa Popular e Verbea, coa orquestra Compostela en Matias López, Fogos de artificio. Día 29.- Tiro ao Prato. Espectáculo cómico-aurino “Toros y Claves”. Festa e verbea, en Matias López, coa Orquestra Venecia, de Vilalba. Fogos de Artificio. O Libro-Programa foi editado por Gráficas Yebra, con portada que representa unha pandereteira, o libro inclúe : “Salutación” de Euxenio Quiroga Vázquez; “Pregón” , texto en galego, de Uxío López Prado , con un debuxo da súa autoría; “Pensamientos”, poema de Xulián Salmerón e “A la Mañana” , de Senén Sánchez,(Seminario da Mercé); “No San Xohán” , versos de Xaime Félix López Arias; “Sarria .- Nuestros hombres ilustres, recuerdos de luz y didáctica de nuestros días “, de Xosé Manuel González Soto; “Trolada”, texto en galego de Uxío López Prado; “Sárria, Vila e Val”, de Xaime Félix López Arias; “Parrafada”, de Uxío López Prado e Xaime F. Lopez Arias; “As portas están abertas”, de María do Carme Parada; “Otro año.Otro San Juan en Sárria” , Por Xosé Trapero Pardo; “O recordo da Susa (conocina no San Xoán)”, de Uxío López Prado; “Fiestas de San Juan en Sárria 1918-1970”, de José Álvarez Rodríguez; os poemas “Mi barca”, de Xesús Anxo García, “El Amor”, de Manuel Ferreira, e “O Bico “, de Manuel Chas (do Colexio da Mercé); “A Pinguela”, poema de Ramón do Moreno; “A Lingua na escola”, de Valentín Arias López; “Un recuerdo al mes de Junio y a los emigrantes de esta villa.El mes de Junio”, de Xosé Manuel González Soto; “ La S.D. Sarriana , una sociedad con porvenir “, de Antonio Peña.Incluía publicidade de 92 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN DE SÁRRIA DE SÁRRIA (1971).-Debido á demisión da comisión oficial , formouse unha comisión popular formada por: Presidente : Eladio Díaz . Vocais: Luis López García, Eliseo Gudín González , Xosé Núñez Díaz, Serafín Gallego, Uxío López Prado, Manuel Díaz López,

Pedro López Fernández (Dios), Euxenio López Carrozas, Carlos Díaz Losada e Xaime Félix López Arias. Fíxose cargo das festas unha vez a comisión designada polo alcalde presentou a súa renuncia. Correu coa organización da primeira “ Queimada popular “ celebrada nas festas patronais promovida como innovación polos membros da Comisión . Programación: Día 23, Día das Fogueiras.- Un Pregoeiro recorrerá as rúas(sustiuiuse por un pregón versificado exposto no escaparate de “ Los Americanos” na Rúa Maior 40) . Pasarrúas cos gaiteros “Os Barros” e a Banda Municipal de Celanova, acompañados das Pampónigas, Verbea coa orquestra Rambalts de Betanzos, Banda de Celanova e Agrupación de Gaiteros. “Ás doce , procederase ao acendido da “Fogueira de San Xoán “ no Campo da Feira, que será acompañado pola actuación musical de “Os Barros”, ao mesmo degustarase unha típica “Queimada”. Día 24, Día do Patrón.- Dianas e alboradas.- Entrega de guión ao recién creado Grupo Folclórico Local (Meigas e Tasgos) . Misa Solemne , procisión, Concerto coa Banda de Celanova e actuación do grupo “Burbuxas”. Campionato Local de Pesca. Partido de Fútbol entre Selección Norte e Selección Sur, compostas por xogadores de primeira división. Festa e Verbea coa orquestra Lamas La Piña , de Ferrol, Banda de Celanova, Orquestra Rambalts e Os Barros, na Praza Xoán María López . Sesión de fogos de artificio. Día 25, Festa das Merendas.- Dianas e alboradas. Tirada ao prato. Trofeo El Progreso de Balomnán. Concerto da Orquestra Rambalts no Chanto. Festa Popular coa orquestra e Os Barros. Novillada: Man a man entre Angel Peralta e Rafel Peralta. Sobresainte: Justo Benítez. Verbea , na rúa Matías López. Día 26.- Día da Comarca.- Dianas e alboradas. Final Trofeo de Balomnán. Desfile de carros do país engalanados, desde o cruce da Estación á Praia do Chanto, actuación dos grupos folclóricos locais . Festa Popular e Verbea no Barrio da Estación, coa orquestra Nueva Lira de Vilalba. Día 27.- Día do Polbo.- Dianas e alboradas. Grupos de danza rexional de Sárria e Os Barros. Novillada con Picadores: Amador Sánchez Fraile, de Salamanca, e Freddy Omar, de Venezuela. Sobresainte: Avelino de la Fuente. Festa e Verbea na Rúa Diego Pazos. Día 28.- Día de Folga. Día 29.- Día da Vila.- Tirada ao Prato (comarcal). Espectáculo Cómico-Taurino.-Musical “ Los Gallitos”. Festa e Verbea na Rúa Matías López. O Libro-Programa foi editado pola Impresa Galicia. Colaboracións: “Nuestra Portada”; “Salutación”, de Eugenio Quiroga Vázquez; “Terra loira”, poema de Mario L. Gay; “Pregón”, versificado de O Xan das Insuas (Xafa) ; “ San Juan que hace realidad las cántigas “, de Traperero Pardo; “ Aunque resulte tópico ... “; Abierta a la esperanza...”; “Recuerdo”, poema de Fernando Serra Adroher; “ El viejo puente... “; “Un filibustero sarriano en la Tortuga”, de Carlos Esteban Deive; “Sárria industrial... “; “Algo que nasceu na vila de Sárria”, de Antonio Peña Guitián; “ Sarria tiene un eficiente y dinámico historial”; “ Allá por el año.. “; “El Deporte sarriano”, por Víctor López Villarabid; “ El Convento de la Magdalena...” ;” O Murallón” , poema do Ramón do Moreno. Incluía publicidade de 51 anunciantes.

FESTAS DO SAN XOÁN (1972).- Comisión: Presidente: Víctor López Villarabid; Presidente de Honra: Euxenio Quiroga Vázquez; Vicepresidente: Pedro López Fernández; Secretario:Xaime Félix López Arias. Vicesecretario: Uxío López Prado. Tesoureiro: Euxenio López Carrozas; Vicetesoureira: Rosa Fernández Castro; Contadora I. Maria Tereixa López Melle; Contadora II: Conchita González Armesto; Contadora III: María Tereixa Pedrero Santos ; Vocais: María Sabela Río López, Antonio Caldeiro Sanmartín, Matías Vila López; Omar Vilela Díaz, Anxo López Folgueiras, Xosé Ramón Arias López. Sección folclórica: Carmela González Ruzi, Ramona López de Muñoz, Paz López de Gonzalez; Sección literaria: Antonio Peña Guitián, Xosé Penela Castedo, Luis Yebra Somoza. Sección Deportiva: Antonio Peña Díaz, Manuel Rodríguez Díaz, Dimas González Loureiro. Programación: Día 23.- Día das Fogueiras.- Desfile das Pampónigas, gaiteros de Meigas e Trasgos e Banda de Infantería de Marina de Ferrol.- Pregón das Festas a cargo de Euxenio López López, Verbea Praza da Igrexa con Tawata Show; Na Feira Fogueira de San Xoán e Queimada, amenizada por grupos de gaitas de Meigas e Trasgos. Sesión de Fogos Artificiais. Día 24.- Día do Padrón.- Dianas e alboradas, desfile dos gaiteros de Meigas e Trasgos e Banda de Infantería de Marina do Ferrol. Misa cantada en galego pola Polifónica Sarriana, Concerto . Trofeu San Xoán de Fútbol nas Insuas. Festa e Verbea nas Prazas con Tawata Show e Banda de Infantería de Marina. Sesión de fogos artificiais. Día 25.- Día da Comarca.- Dianas e alboradas. Desfile de carros do país engalanados dende o Cruce da Estación á Praia do Chanto. Concurso de Empanadas no Chanto e Romaria. Primeira Novillada con un man a man entre Freddy Omar “El Negro” e Guillermo Ciscar “Chavaló” e a actuación dunha rexoneadora. Verbea en Rúa Diego Pazos coas Orquestras Galicia Nova e a Banda de Infanteria de Marina. Día 26.- Día do Deporte.- Partidos de baloncesto e balomnán, competicións de aerodelismo , e pedestrismo . Charlotada na Praza de Touros co Bombero Torero e os seus Ananiños. Festa Popular e Verbea no Cruce da Estación coa

Orquestra Luz Verde. Día 27.- Día do Polbo.- No Campo da Feira actuación de Meigas e Trasgos.- Segunda Novillada con Julio Robles e Avelino de la Fuente. Festa e Verbea na Rúa Diego Pazos, coas Orquestras Luz Verde e Los Jaslas. O Libro-Programa foi editado por Gráficas Yebra. Pregoeiro das Festas: Euxenio López López, Director Xeral de Formación Profesional e Extensión Educativa. Contido: “Salutación do Alcalde”, Euxenio Quiroga Vázquez; “Saúdo dos Ramistas”, de Uxío López Prado; “ ¡ Gracias !,” texto de Víctor López Villarabid; “ É urxente”, poema de Manuel María; “Irmaus”, poema de Celso Emilio Ferreiro; “ Virtudes de la Noche de San Juan”, texto de J. Rodríguez López; “ Cousas de Onte-Os morcilleiros”, de Antonio Peña Guitián;” Mi amada Sarria-Declaración”, poema de Fernando Serra Adroher; “ Copriñas de Troula, para cantar na noitiña de San Xoán”, selección de Uxío López Prado;” O muiño “, poema se poñer autoría; “A miña aguillada”, poema sen indicar autoría; Un poema de Curros con texto introductorio en castelán adicado aos gaiteiros de Meigas e Trasgos; “ Unha ducia de refráns”; Dous textos en castelán sobre os grupos de danza de Meigas e Trasgos; Un texto en castelán sobre a Coral de Meigas e Trasgos; “ Notas sobre el Monasterio –Sarria “ un texto glosando dúas fotos do claustro do mosteiro e do Colexio Público Comarcal; “Niebla en Sárria”, poema de Antonio A. Gómez Yebra; “ Recuerdo de Galicia”, poema de Antonio A. Gómez Yebra; “ El Deporte a Examen,” de Antonio Peña Díaz; “Sárria existe”, por Carlos López Rodríguez; “ El traje regional. El vestido femenino”, sen asinatura; “ As Feiras “, poema de Ramón do Moreno; “No importa”, poema sen indicar autoría; “ ¿ Contamos contigo ? ¿ E por que non ?”, de Alvarez Rodriguez. Na publicación figuraron 87 anunciantes. Escenario das Festas: Campo da Feira, Praza do Concello, Praza Juan María López; Rúa Diego Pazos, Campo das Insuas. Parque do Chanto.

FESTAS DO SAN XOÁN (1973).- Comisión: Euxenio Quiroga Vázquez (Presidente de Honra); **Presidente:** Víctor López Villarabid; Euxenio López Carrozas (Vicepresidente); **Matías Vila López (Secretario);** María Tereixa Pedrero Santos (Vicesecretaria); Uxío López Prado (Tesoureiro); **Concepción Páramo Fernández (Vicetesoureira);** Xaime F. López Arias, Fernando Vila López e Omar Vilela Diaz (Contador); Esperanza Iglesias Vidal, María Xosé Tosar López; María Xesús Arias López; María Xosé Pérez Pereira ,Xosé Ramón Arias López; Pedro López Fernández (Vocais); Carmela González Ruiz, María dos Anxos Landín , Elena Marcos (Sección Folclórica); Antonio Peña Díaz, Manuel Rodríguez Díaz e Dimas González Loureiro (Sección Deportiva).. **Programación:**Día 23, Día das Fogueiras:17:00.- Probas de Atletismo nas Insuas; 19:00.- Pasarrúas de Meigas e Trasgos e Banda de Música de Viveiro, desfile de xigantes e cabezudos; 24:00.- Lume de San Xoán e Queimada, con actuación da Coral de Meigas e Trasgos.Verbea na Praza do Concello con “Show Miller”.Sesión de Fogos Artificiais.Día 24. Día do Patrón: 9:00.- Dianas e alboradas con Meigas e Trasgos e Banda de Música de Viveiro.Xigantes e Cabezudos. 11:00.- Misa Solemne, cantada en galego, pola Coral Polifónica de Meigas e Trasgos. Prociación. 13:00.- Concerto na Praza.18:00.- Trofeu San Xoán de Fútbol. Club Lemos e CD Lugo. 19:00.- Festa nas Prazas con Versalles e Show Miller. 24:00.- Verbea e queima de fogos de artificio. Día 25, Día da Comarca: 9:00.- Pasarrúas con Meigas e Trasgos e Banda de Tambores e Cornetas da OJE de Sárria, 11:00.- Desfile de carros do país engalanados”Carreto”.No Chanto , actuación dos grupos de Meigas e Trasgos. 14:00.- Concurso de Empanadas e merendas campestres. 17:00: Romaría Campestre, coa actuación de Luz Verde.22:00.- No Cruce do Avenida, verbea con Versalles e Luz Verde. Día 26:Día do Deporte: Pola mañán, partidos de baloncesto e outros deportes.16:00: Proba de Mini Cars na Rúa Portomarin; 18:00.- Jinkana Motorística nas Insuas;18:00 .-Festa Popular no Cruce da Estación, con Luz Verde.24:00.- Verbea.Día 27, Día do Polbo.- Desfile de xigantes e cabezudos e actuación dos grupos de Meigas e Trasgos no Campo da Feira, 18:00.- Na Rúa Diego Pazos, Festas con Luz Verde,24:00:Verbea. En “La Unión” : Día 23.- Verbea; Día 24, Sesión Vermú, Té Baile e Verbea. Día 25: Concerto, Cea Americana e Verbea. Actuacións de Los Players, Los Capris e Los Flavia. Programación no Casino de Sárria: Día 28: Verbea con Los Flavia. Libro Programa editado por Imprensa Galicia. Portada : Rodim. Contido: “A Noite do Vintetrés”, por Fiz Vergara Vilariño; Salutación, do Alcalde; Gracias, de Víctor Lopez Villarabid; Comisión Oficial de Festas; Pequeno Pregón prás Festas do San Xohán de Sárria, por Manuel María; Añorando outros advientos, de Mario López Gay; Saludo a Sárria, de Bocelo; Sárria de Galicia...poema de Xosé Luis Portela; Al pasar las hojas, por Xosé de Castro;¿ Para cuando el nuevo plan de tráfico ? , por Villarabid; Cousas de Onte.O vraneio non tivo a culpa, de Antonio Peña Guitián; El Deporte , por Víctor López Villarabid; Aquela Sinfonía, poema de Xaime F. López Arias; Esperanza de L.V; Tiempo de recordar, poema de A. Vázquez ;Xamón de Sárria, por LV ; Sobre a inauguración da Biblioteca Municipal, VLV. Homenaje a la Fiesta Mayor de Sarria, poema de Fernando Serra Adroher.Incluía publicidade de 75

anunciantes.

